



*En galego,
agora e sempre*

Subvenciona:**Publica:****Dirección, coordinación e corrección lingüística**

Manuel Campos Sanmartín (S.N.L. Concello Vilagarcía de Arousa)
Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Edita:

Pío García Edicións

Fotografía:

Pío García

Deseñadora:

Nerea Otazo Echevarría

Imprime:

Litonor

Depósito Legal:*Índice*

M ^a Montserrat Acha Ledo	pág.	31
Agra Barreiro Agustín	pág.	33
Alonso Marcial	pág.	35
Alonso Xurxo	pág.	37
Álvarez Puga Carlos	pág.	41
Barral Mar	pág.	43
Barral Maqueira Ramón	pág.	45
Barros Díaz Cecilia	pág.	47
Barros Taboada Miguel	pág.	51
Brea Costoya Xosé Manuel	pág.	53
Brea Rei X. Ramón	pág.	55
Camino Lastra Jaime	pág.	59
Campos Sanmartín Manuel	pág.	61
Cardalda Fernández Teodomiro	pág.	65
Carregal Doval Eduardo	pág.	69
Castaño López Juan	pág.	71
Castro Susi	pág.	73
Castro José Ignacio	pág.	75
Castro Ratón Xosé	pág.	77
Chaves Xaquín	pág.	81
Chazo Manolo	pág.	83

Conde Coira Pilar	pág.	85	Otero Piñeiro Rosa	pág.	157
Corbelle Cacabelos Ana	pág.	87	Oubiña Deus Xoán Carlos	pág.	161
Corbelle Cacabelos Fernando	pág.	89	Paz Tarrío Álvaro	pág.	165
Correa Otero Xosé Manuel	pág.	91	Pérez Arias M ^a Luz	pág.	167
Dasi Dorelle Encarna	pág.	93	Picáns Bermúdez María Teresa	pág.	171
Diz Manolo	pág.	95	Pose Mesura Modesto	pág.	173
Dosil Barreiro María Xoaquina	pág.	97	Ramos Baldo	pág.	177
Durán Abollo Celia	pág.	99	Reices Salgado Xoán Manuel	pág.	181
Fernández Manso Eladio Anxo	pág.	103	Requeixo Armando	pág.	185
Fole Díaz Tomás	pág.	107	Rey Barreiro Teresa	pág.	187
García Giménez María Dolores	pág.	111	Rivas Espiño José	pág.	189
González Serxio	pág.	115	Roca López María del Carmen	pág.	193
González Avión Isabel	pág.	117	Rodríguez Cuíña Xoán Xosé	pág.	195
González Graña Fernando	pág.	119	Rodríguez Núñez Álvaro	pág.	199
Guedes Augusto	pág.	121	Rodríguez Rañón Xosé Carlos	pág.	201
Iglesias Sanmarco Manuela	pág.	123	Romero Docampo Xosé Lois	pág.	203
Iglesias Tellado María Luísa	pág.	127	Romero Nogueira Eulogio	pág.	205
Maroño Xosé A.	pág.	129	Seijas Suárez Victoria	pág.	207
Martínez Beiras Andrea	pág.	131	Señoráns Abalo José Manuel	pág.	209
Méndez Míguez Carlos	pág.	133	Sobrido Rosina	pág.	211
Mondragón Rodríguez Carlos	pág.	137	Suárez Fuentes Manuel	pág.	213
Mouriño Santiago Lino	pág.	141	Tajes Pilar e Rodríguez Manolo	pág.	217
Nogueira Suso	pág.	143	Torres de Aboal Xermán	pág.	221
Lázare Fouce M ^a Xosé	pág.	145	Touceda Torres Mario	pág.	225
López Martínez Cruz	pág.	147	Vila Vázquez Eligio	pág.	227
Lorenzo Fraga Ana	pág.	149	Vilas González Ánxeles	pág.	229
Losada Suárez Rosa	pág.	153	Vejo Portas Mónica	pág.	231

O acto de escribir as últimas vontades, aínda que sexa como xogo literario, achega, a quen o fai, ao momento último, esencial e radical da súa existencia: aquel no que, consciente xa da fin, a persoa fai o derradeiro esforzo por prolongar o seu ser a través das cousas que máis amou. En Galicia, este acto emana do humus mesmo da cultura de nós, e poucos feitos se afrontan con maior gravidade.

De aí que non sexa estraño que fose entre nós onde xurdiu a singular iniciativa de recoller nun libro as mandas testamentarias de máis de cen persoas, todas elas relevantes e senlleiras, nas que, sans de mente e entendemento, manifestan, primeiro, que a lingua coa que interpretan o cosmos é a galega, e, segundo, que queren deixar esta lingua en herdanza por acto de puro amor e por a consideraren un instrumento que lles ha de ser útil aos seus herdeiros e herdeiras, como lles foi a elas en vida.

Sirvan, estas miñas palabras, de gratitude a todas estas persoas que, publicamente, deixan en herdanza o ben da lingua galega, a mesma lingua que eles recibiron dos seus devanceiros para que a conservasen, enriquecesen e transmitisen.

Santiago de Compostela, setembro de 2008

María Sol López Martínez

Secretaria xeral de Política Lingüística

Prólogo

Ano do nacemento do noso señor Xesucristo, dous mil e oito anos, dez días do mes de outubro, saiban cantos este instrumento público viran, como eu, María Dolores García Giménez, que presente son, veciña e moradora da vila de Vilagarcía, con todo o meu siso e entendemento cumprido, manifesto o meu agradecemento á Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística de Galicia por esta iniciativa, que ten por obxecto fomentar o uso de algo tan singular, tan noso, coma a nosa lingua.

Dende sempre, os testamentos son instrumentos xurídicos nos que as persoas expresan as súas últimas vontades, as que teñen que ver cos asuntos mundanos, materiais, impersoais, pero tamén cos inmateriais, íntimos, persoais. Ítem máis: se vivimos que a paisaxe conforma a paisanaxe, e que da paisaxe forma parte tamén a lingua na que un se expresa, haberá que convir tamén que se somos como somos, e así nos identifican os demais, é por que temos unha forma distinta, ou diversa, de ser. Así somos, así nos expresamos. E ao revés.

Nas vindeiras páxinas, unha paisanaxe ben diversa –funcionarios, mestres, estudantes, políticos, xornalistas, escritores, pintores,... homes e mulleres– manifestan as súas mandas, persoais pero neste caso

Prólogo

transferibles: o seu compromiso coa súa lingua e o seu desexo de que os sucesores sigan o seu exemplo. Falando e escribindo en galego faremos unha Galicia cada día mellor. Per sécula seculorum.

Amén.

Dolores García Giménez
Alcaldesa de Vilagarcía de Arousa

Prólogo

• Qué ven sendo unha manda? Pois nada máis, nin nada menos, que o legado que unha persoa lle deixa a outra no seu testamento mediante disposición especial. Por máis que a forma ou procedemento non teña moito uso na actualidade, a súa opción deixou tras de si unha gran pegada na historia. Agora ben, aquí tómasse como provocación para abordar un asunto moito máis actual e importante: a conquista de usos para que o noso idioma, a lingua galega, acade a súa total normalización. E isto como unha parte fundamental do chamamento á utilización do galego na cultura funeraria, ámbito do que está gravemente ausente. Tiramos da xenerosidade dos amigos da causa, unha relación tan grande como representativa do mellor da sociedade actual, para chamar a atención sobre a necesidade de acometer sen demora a extensión do idioma propio aos documentos legais. É unha campaña imaxinativa e amable que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia promove e que o Concello de Vilagarcía apoia coa absoluta certeza que vai dar o froito agardado. A todos os que atenderon a nosa chamada: grazas. Grazas por axudarnos nese empeño que Cunqueiro, atinadamente, sintetizou no desexo de gañar “mil primaveras máis para a lingua galega”, a primeira e máis importante manifestación do noso patrimonio cultural.

Prólogo

Amiga ou amigo lector repara na mensaxe que aquí expresamos, goza da súa lectura e pensa que o libríño aínda non está rematado: falta a túa. Non esquezas: a lingua é o noso sinal de identidade colectivo, mais tamén a obriga de transmitirllela aos nosos fillos.

Xosé Castro Ratón

Tenente de Alcalde – Concellería de Cultura

Prólogo

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia naceu hai vinte e cinco anos. Desde entón viñemos desenvolvendo moitas iniciativas para normalizar o uso da lingua galega en tódolos ámbitos. Moitas delas foron decisivas para que a lingua galega acadase o estatus que hoxe ten nas administracións públicas. Abonda con referirnos ás edicións en galego dos diarios oficiais da Xunta de Galicia e Parlamento de Galicia, respectivamente. Durante varios anos editáronse a dobre columna. Esta solución parecíanos inoportuna, porque observabamos que nas prácticas burocráticas os funcionarios lían e transcribían a columna redactada en castelán. Tiñamos o convencemento que deste xeito non conseguiríamos que os funcionarios se avezasen no coñecemento e uso correcto da nosa lingua nos procedementos administrativos.

Nos últimos anos a nosa preocupación centrouse nos actos xurídicos documentados. E máis en concreto nos testamentos. Para facermos fincapé neste obxectivo preparamos o libro “Un futuro para a lingua galega”, editado no ano 2002. Un cento de personalidades relevantes da vida social galega responderon á nosa proposta de redactaren unha manda testamentaria pedíndolles aos seus herdeiros respecto e defensa pola lingua galega no

Prólogo

futuro. Seis anos despois volvemos reeditar aquel libro con novas achegas, no afán pedagóxico que caracteriza o noso estilo por ofrecer alternativas de reafirmación persoal no galeguismo, nun tempo no que cada vez son máis as reivindicacións públicas a prol da normalización lingüística, e estoutro que recolle as mandas de veciños e veciñas de Vilagarcía de Arousa.

É tempo de madurarmos. Cómpre que Galicia procure a súa galeguización. É preciso que a sociedade galega, corpo social máis consciente, faga sentir ese desexo. Pero ha ser publicamente e tamén nas decisións íntimas e familiares. O mellor xeito de avanzarmos na extensión do uso da lingua galega debe comezar por nós mesmos, para poder logo demandarles ós demais que fagan o mesmo.

“En galego, agora e sempre”, é a continuación daquel outro publicado en 2002. E quere teimar no mesmo obxectivo: estender o uso da lingua galega nos protocolos notariais, nomeadamente nos de declaración de herdeiros, incluíndo nos mesmos unha manda testamentaria que obrigue ós seus beneficiarios a proseguiren no futuro o labor de impulso e fomento da lingua galega.

O testamento é un instrumento xurídico de gran

tradición na nosa cultura, por sermos un país de pequenos propietarios. A transmisión de propiedades tan vencelladas á nosa cultura. Galicia é un País rico en denominacións. Non hai anaco de terra, cultivada ou a monte, que non teña nome. Cóntanse por millóns o número de microtopónimos que se reflicten neses testamentos. Herdades coutadas ou comunicadas con congostras, corredoiras, calellas, canles, canicouvas, ruciros, quenllas, corgos, vereas.. porque en Galicia os camiños teñen moitos nomes. Nomes que están impresos no cerne da nosa cultura singular, expresada nun idioma único.

Velaí, pois, a nosa proposta para estas datas de Santos: galeguizar os documentos notariais e incluír neles mandas testamentarias que garantan o futuro da lingua galega e, nomeadamente, o noso mandato de que se nos lembre sempre, despois de falecidos, en galego, nas necrolóxicas, cabodanos e lápidas funerarias.

Para sermos máis nós, reafirmemos a nosa condición de galegos.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia

É moi frecuente atopar nos protocolos notariais galegos, sobre todo nos da Idade Media, cláusulas testamentarias nas que o testador establecía obrigas extraeconómicas para os seus herdeiros. Encabezábanse estes testamentos con fórmulas estereotipadas de diversos tipos. As máis comúns son as que rezaban así: “Con todo siso e toda miña memoria, dispoño das miñas cousas”¹. Iso se a persoa que facía testamento non estaba aqueixada dalgunha doenza ou enfermidade que a obrigase a facer as conseguíntes precisións sucesorias; daquela, adoitaba facelo con outra expresión: “Doente no corpo e pero con todo meu siso cumplido, faço e ordino en aquela maneyra após meu passamento”.

As invocacións a Deus ou ós santos, así como a manifestación de obediencia á “Santa Iglesia Católica, Apostólica y Romana” a súa fe, eran recursos estilísticos moi utilizados: “Imprimeiramente, dou mina alma a Deus e mando meu corpo soterrar eno cimiterio de Santa Maria de Ual de Paraíso e mando e commigo C soldos para unha pitañça”. Algúns destes testamentos contiñan obrigas para os herdeiros de “facer” ou “que se fixese” unha pere-

¹ A vida e a fala dos devanceiros, Xesús Ferro Couselo. Editorial Galaxia, 1996

grinación a Santiago, por exemplo. Son mandas de contido espiritual de uso moi estendido na época. O incumprimento das devanditas mandas testamentarias podía ser sancionado pola autoridade eclesiástica competente.

Eran normais, tamén, as mandas a prol da alma. Esta institución, hoxe bastante anticuada e das que se ocupa especialmente o artigo 747 do Código civil, non significa, evidentemente, que a alma, como tal, poida ser herdeira. O propio precepto aclara o seu significado e alcance: “se o testador dispuxer de todo ou parte dos seus bens para sufraxios e obras piadosas en beneficio da súa alma, facéndoo indeterminadamente e sen especificar a súa aplicación, os testamentarios venderán os seus bens...dándolles a metade ó diocesano...” A xurisprudencia recoñece a validez da institución “ a prol da alma”, e é a Igrexa, loxicamente, a máis beneficiada².

Se recoñecemos o testamento como un acto unilateral, individual e persoalísimo, non é de estrañar que o testador deixase constancia dos seus desexos, ás veces unha miguíña pintorescos, pero que, iso é

2 Vid. Sentencias do 17 de novembro de 1896, do 21 de marzo de 1902 e do 25 de febreiro de 1911, en Compendio de Derecho Sucesorio, Editorial La Ley, Madrid 1999.

o importante, sempre se cumprían. Tal é o caso das campás dunha igrexa que deberían repicar todos os días ás doce da mañá, por deixalo así encargado e escrito nas mandas testamentarias unha piadosa señora, iso si, algo poetisa, como me contaba o meu informante. Deixou paga na súa parroquia unha cantidade para que se tocasen as campás todos os días ata non sei que data. Raro testamento, si, señor; pero así mo contaron.

As características antes sinaladas do testamento -acto unilateral, individual e persoalísimo- fan supoñer que na súa xestación inflúen moitos e moi variados condicionantes de índole afectivo-sentimental. Porque os bens que se adoitan transmitir están vencellados á tradición familiar e tinguidos de emotivos sentimentos³. De aí que a elaboración do testamento sexa un proceso complexo, mesmo con implicacións psicopatolóxicas, a teor da tese presentada polo antropólogo Xosé Andrés Gago no Primeiro Congreso de Antropoloxía de Galicia, celebrado en 1982⁴. Verbo deste asunto, Rof Carballo tamén atopa connotacións de interese científico

3 Vid. “Unha historia de Amor”, de Victorino Gutiérrez Aller, na obra Contos da Xustiza, Ir Indo Edicións, 1991.

4 I Coloquio de Antropoloxía de Galicia. Museo do Pobo Galego, 4-6 de febreiro de 1982. Cadernos do Seminario de Sargadelos, núm. 45. Edicións do Castro.

para comprendermos a personalidade psicolóxica dos galegos: "...en Galicia, onde a terra non é algo ó que se lle rende culto, senón algo que está identificado connosco ata firmar unha unidade que, ó se crebar, doe, tal como unha especie de morte da alma, en forma de morriña". É o urdido afectivo ó que se refire no seu ensaio Mito e Realidade da Terra Nai⁵. É o esgazamento dese urdido o que provoca conflitos na identidade das persoas co medio e cos bens patrimoniais.

A institución xurídica da herdanza en Galicia é, pois, moito máis complexa do que aparentemente se poida pensar. A transmisión patrimonial está connotada cun sistema de valores que transcende o meramente económico. Por iso, na decisión testamentaria gravitan circunstancias relacionadas coa cultura e tradición galegas. Eis porque tamén a xestión testamentaria se "remoe no maxín" durante tanto tempo. E faise, claro está, en lingua galega, por ser o idioma da meirande parte dos galegos. Nela fánelles consultas ós notarios e avogados e recóllense opinións dos parentes e familiares antes de formalizar a decisión do documento notarial.

⁵ Mito e Realidade da Terra Nai. Rof Carballo, Editorial Galaxia, Vigo 1957

A literatura galega ten femosas páxinas dedicadas ás decisións testamentarias. Xulio Cuns, que durante moitos anos foi oficial de notarias, escribiu un libro⁶ de gran valor para comprendermos o comportamento dos galegos ante unha decisión tan importante na súa vida. Titúlase *O que non quedou no Protocolo*. Nel atópanse anécdotas e situacións reais acontecidas no tempo que permaneceu traballando na notaría. Os acordos e trasacordos e as preguntas revesgadas que agochaban outras, evidencian a idiosincrasia dos galegos cando teñen que facer o testamento. Porque, efectivamente, non todo o que se pensa e fala queda escrito nos documentos. "Quizais aquilo que puidese ter maior importancia para o antropólogo e o historiador e demais curiosos -dinos- non conste escrito... por exemplo: os acenos. É importante fixarse nos sorrisos e demais acenos que van facendo ó longo da conversa e dos que, naturalmente tampouco queda o seu caritel no frío e satinado papel selado". Como tampouco quedan a emoción e os sentimentos, que non son poucos. Uns confesados e outros non. Somos fillos dos sutís acenos, das finas modulacións da educación, dos agarimos recibidos en que envolveron o noso corpo ou protexeron a nosa epiderme, do

⁶ O que non quedou nos Protocolo, Xulio Cuns Lousa. Excmo. Concello de Betanzos, 1992

rigor con que dominaron o ímpeto nacente dos nosos músculos.

Algunhas das obras literarias de Luís Moure Mariño⁷ -nada sospeitoso de galeguismo- son importantes para comprendermos o que estamos a dicir. O autor, que foi notario, tivo que escoitar a centos de persoas que acudían ó su despacho. Nalgúns dos seus relatos descríbemos feitos reais que revelan ese urdido afectivo. Nun deles relata sorprendido porque un emigrante “facultaba igualmente ó apoderado para que venda todos os bens, accións e dereitos que por calquera título lle correspondan, con excepción da póla que mira cara ó poñente do carballo grande de Basán...”. Pero foi o caso que dito emigrante, que estaba en Montevideo, leu o artigo e escribiulle unha carta para aclararlle ó notario o porqué do seu antollo: “Debaixo da sombra do carballo, á vista da nosa aldea, díxome miña nai o seu derradeiro adeus cando decidín virme a Montevideo, e agora, vello e coa tristura que me provoca a distancia da terra á que nunca máis volverei, nesa póla do carballo grande, como vostede di, coido un niño para a saudade...¡Aínda son dono dunha parte da paisaxe onde nacín! ¡Aínda hai algo

⁷ Fantasías reais, Luís Moure Mariño. Ir Indo, Edicións. Vigo, 1993

que me une á miña terra!...”. Un sentimento pan-teísta, sen dúbida. Pero comprensible. A saudade, ese sentimento dos galegos do que tanto se leva dito, pode provocar esa decisión testamentaria. O mesmo sentimento expresouno Vicente Risco⁸ con outras palabras, cando escribiu: “Eu sei que, como Rosalía de Castro, se me vira no ceo, choraría de saudade pola miña terra.... Non poder levar comigo aquela fonte, aquel carballo, a nogueira, a casopiña, o río, o muíño, a sombra húmida dos amieiros. Terse que separar de todo isto para sempre; quizais chegar a esquecelo. Ai, non. Esquecelo non, que a lembranza é a esencia da alma, e esquecer é deixar de ser; un algo que se esquece é un pouco de alma que morre”. É o urdido afectivo, que Rof Carballo di que percorre, como o plasma xerminar, as xeracións, vai dunha noutra e, en certo xeito, o mesmo que os xenes son inmortais, tamén este urdido goza de vida case perenne.

A desaparición da lingua galega dos protocolos notariais tal como nolo recorda Xesús Ferro Couselo no seu traballo “Como e por qué os escribáns deixaron de empregar o galego”⁹, motivou que os

⁸ Vicente Risco, O sentimento da Terra na raza galega. Obras Completas. Editorial Galaxia, Vigo, 1994.

⁹ Vid. “Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo”. Editorial Galaxia, Vigo, 1958.

protocolos notariais se escribisen a partir do século XV en castelán. Este cambio lingüístico foi producindo nos galegos un sentimento perverso: as cousas serias, aquelas que poden ter moita transcendencia para a vida das persoas, deben ser escritas en castelán. Por iso, o Mapa Sociolingüístico de Galicia¹⁰, ó recoller a opinión dos enquisados cando se lles pregunta verbo do emprego do galego nos testamentos, ofrece porcentaxes pouco favorables ó seu uso en tales instrumentos xurídicos. Os máis partidarios -o 20,37%- manifestan que é moito máis axeitado o galego có castelán para a redacción do texto das derradeiras vontades; máis proclive, sen embargo, é o 34%, que manifesta que a lingua galega é igual de axeitada có castelán.

O rito testamentario debe transmitir os nosos valores culturais. Veláí porque, xa sexa apoiándonos na confianza que debemos ter no futuro, no desexo de que sexa mellor có presente e tamén na lexislación vixente, que ampara o uso da lingua galega nos actos xurídicos documentados, temos que darlle máis importancia á pervivencia da nosa identidade nacional e ós elementos que a conforman. Nomea-

¹⁰ "Actitudes Lingüísticas en Galicia". Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, 1996.

damente a lingua galega. Facérllas a encomenda da súa protección e fomentos ós nosos sucesores en actos notariais non está de máis. Non vaia ser o conto de que, por non dármollela importancia que o asunto ten, haxa malos entendidos e que ós nosos fillos e netos tanto lles teña vivir nunha Galicia desgaleguizada. Por insistir que non quede.

O escritor estradense Manuel García Barros expresou ese desexo nunha cláusula do seu testamento: "Fago profesión de amor a doce Terra na que nascín e vivín e na que teño a dita de acougar en sono eterno. Foi Galicia obxecto e ilusión da miña vida. A ela e a súa redención, dediqueille as miñas forzas e o meu labor literario. Por ela loitei e sufrín. Desde o máis fondo do meu corazón deséxolle no vindeiro días de prosperidade e ventura". En semellantes termos deixouno escrito don Ramón Otero Pedrayo, que doou a súa Casa Grande de Trasalba para o engrandecemento da lingua e cultura galega. Don Álvaro Cunqueiro, non foi menos, o seu testamento resúmese nunha frase que acadou entre nós notoria divulgación desexando que a lingua galega teña "mil primaveras máis".

Malia termos un ordenamento xurídico que ampara e protexe os nosos dereitos lingüísticos, son poucos os galegos que demandan nas notarías o tes-

tamento na nosa lingua. Aínda que só fose porque neles se contén unha parte importante nós, da nosa familia, dos nosos afectos e sentimentos, ese documento deberíámolo redatar en galego, e incorporar nel, ademais, unha manda semellante ás que que reproducimos neste libro. Deste xeito estaríamos a transmitirles ós nosos herdeiros a obriga de dar cumprimento ó noso desexo de administrar e acrescentar o patrimonio común de tódolos galegos, que é a lingua galega. Non desherdemos a nosa lingua.

Xosé González Martínez

Secretario da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia



Mandas Testamentarias



*P*or último, non quero rematar este testamento sen facer mención aos bens intanxibles que, durante a miña vida, vos intentei transmitir. Estes bens non son máis que as consecuencias de formar parte do pobo galego: dispoñer dun idioma propio no que expresarse, ter un pasado do cal sentirse orgulloso e a capacidade de vivir cada momento da vida con sinxeleza e humildade.

Espero que saibades valorar, conservar, compartir e transmitir estes bens, porque diso depende unha parte moi importante da vosa riqueza, a riqueza cultural.

Ademais desexo que o feito de

ser portadores da cultura galega non vos sirva de pretexto para caer na auto-compracencia cultural, pois sempre hai novas cousas que aprender. A cultura galega foi medrando xeración tras xeración, e agora tócvos a vós a tarefa de enriquecela aínda máis.

M^a Montserrat Acha Ledo

Persoal Laboral Concello
de Vilagarcía

M

anda para os meus herdeiros.

Mil, iso che deixo; para que coirdes e aloumiñes cada unha con arroubo, arrolo demorado que as faga xermolar.

Mil, tesouro colectivo e milenario, para que o acubilles no teu colo, ó seu abeiro.

Mil, trabe da terra, para que a acoches no profundo, amparada do desleixo, lento esmorecer; iso che prego.

Un milleiro, longo alento, verbo de Nós; para que nomees o mundo con fereza.

Mil, teu herdo, o que nunca se ofrece en testamento; para que ouses erguer o soño poderoso:

... esa permanencia que nos leva como un río no tempo...

Mil primaveras, nin unha menos; esteo e alicerce, fala dos avós que temos mortos. Que máis podería deixarche?

Agustín Agra Barreiro

Profesor

Para comezar hei de darlles as grazas a todos e todas os/as profesionais da política que fixeron posible que o pouquiño que a miña muller e máis eu teñamos co paso dos anos, llelo poidamos deixar a Mariña e os/as que veñan, sen que teñan que por iso tributar como tiveron que facer os nosos antergos; e digo isto, xa que do que representa a nosa lingua galega, os nosos costumes, os nosos xeitos, a nosa cultura, as verbas, as festas, a paisaxe que eu coñezo do meu querido Ourense e desta fermosa Vilagarcía, e todo o que esta marabillosa Galicia nos depara no día a día e nos sorprende co paso do tempo.

Este legado que lles deixo vai dirixido para que a miña filla, os nosos fillos e fillas a gocen, que a vivan e usen e a defendan como súa, porque é a nosa lingua, que a teñan presente nas súas persoas e nas súas vivencias.

Marcial Alonso

Traballador social

*M*este borrador de manda déixovos, está por ver a quen, a lingua, o único que non gastei da herdanza que me deixaron meus pais, e para que entendades o que este prezado ben significa, defínovos o lugar onde vivo e se fala e escribe:

Vivo nun lugar onde abrollan funámbulas camelias vermellas e a luz que tradea as ferverzas arboresce entre as illas co canto preliminar dos paxaros do crepúsculo e hai rías con inhóspitos bosques de algas onde o vento é un orfeón de purísimo cristal, un abatemento dos sentidos que pende das sedelas máis finas.

Hai brancos faros de immaculados bordes na fulxencia da curva azul interminable, un ferro que prende no intenso abismo dos castros, hai un prodixio de cores coaguladas no verde dos carballos, nos conclave de luz que xerminan nas albadas do día.

Hai aquí un tránsito de barcos, co matalotaxe vixiado polas gaivotas grises, festas con baile en delirio do cedrino remol das fogueiras, romarías de polbo e cunca e é oficio de noso escarvar no mar e apañar nas fincas os relampos da lúa, treme alí o peixe salvaxe e abanea a uva ventureira e unha xeoloxía de vellos ritos de vendima e foliada, de colleita do cereal acendido

e imbatible, de sega e de malla atravésanos ao longo do tempo como temperada punta lanzal.

Vivo nun lugar que ten a máxica pel tatuada por ríos que transportan a indómita semente da lingua, as que deixaron os que ao longo dos séculos a falaron con habelencia. Baixan por eles en torrenteira palabras como torga, caxato, bidueira, áncora, nai, ardora, ferrado ou recendo.

O país das augas máis audaces está a fundarse nos beizos dos que a seguen a falar.

Xurxo Alonso

Pintor e poeta



Creo que teño unha biblioteca aceptable, con literatura variada en castelán, galego e mesmo en inglés, pero entre todos os meus libros téñolle especial cariño a aqueles escritos en lingua galega e editados en países americanos, así como ás primeiras edicións da Editorial Galaxia dos anos cincuenta, compradas no seu día por meu pai, e que forman parte moi importante da miña biblioteca. Cando eu non estea quero que os meus fillos os conserven. Poden facer o que desexen cos demais, pero con eses non. Eles para min representan a loita que nos anos escuros sostivemos os galegos e galegas para conservar e manter viva a nosa lingua e a nosa cultura.

Eles e a lingua que levan dentro son o ouro da miña biblioteca, por iso vos pido que os coidedes e que a usedes sempre.

Carlos Álvarez Puga

Presidente da Agrupación
Micolóxica, A Cantarela

*M*on sei se cada un de nós está predestinado a nacer e vivir nun lugar determinado; sexa ou non sexa así, eu dou grazas por ter a sorte de nacer en Galiza, máis concretamente na vila de Carril.

Como galega que son, amo a miña terra, terra fermosa con lingua sonora.

Falar da nosa lingua é falar de palabras maiores:

A da miña avoa Dolores, quen máis directamente ma transmitiu a través da frescura das súas cancións de berce; a dos mestres Rosalía e Castelao que tan dentro de si a levaron; a dos nosos irmáns que foron e van polo mundo adiante espallando

esta semente, que onde chega enraíza, medra, e dá o seu froito nos fillos; e, a de todos aqueles e aquelas que aprenderon a querela, compartila e defendela como eu o fago. Por todo iso, cando as miñas pegadas se perdan polo horizonte alén do mar, é o meu desexo, que este agasallo que outros a min me deixaron, sexa recibido, compartido, defendido e difundido con agarimo, por todos aqueles que nazan e vivan no mar de Arousa, de Compostela, do Barbanza, etc..., así coma no fin da terra “Finisterrae”. Pois unha cousa teño moi clara, e é que, no fin da terra fálase, e falarase galego.

Mar Barral

Ceramista

*U*nha derradeira manda quixeramos deixar nós. Maruxa e Ramón, para os nosos netos. Que, como fixemos os seus avós e mailos seus pais cando isto non era doado, saiban conservar o orgullo de seren quen son, de levar este orgullo polo mundo adiante, e de expresalo coas palabras que aprenderon de nós, seus pais, coma nós as aprendemos dos seus avós: videira, albariño, treixadura, colleita, lagar, orballo, socalco, bacelo, gabia...

As palabras da viña e do viño que foi a nosa forma de vida, e na lingua que, sendo a dos seus pais, dos seus avós, e maila súa propia, siga sendo a dos seus fillos e os fillos dos seus fillos.

E que sigan a traballar para que esa lingua, amais de fío de unión entre as xeracións que se comunicaron nela, sirva tamén para seguir transmitindo, cara o futuro, as creacións do seu enxeño, da súa imaxinación e do seu traballo.

Ramón Barral Maquieira

Vicepresidente da adega

Martín Codax

- ● ● e déixoche, asemade, un rogo. Só tes que lembrar...

Gabeabas polo berce, recibías alo-umiños, aprendiches a falar.

Debuxabas carballos, trasnos, bolboretas... nos que poñías (aínda gardo eses tesouros) “para miña nai”.

Andabas ás carreiras polas leiras, magoabas os xeonllos, asubiábaslle ao vento.

Mercabas lambetadas que apresas nas manciñas, aquelabas as buxainas para bailares na rúa, apañabas margaridas para me agasallar.

Non esquezas a túa primeira vendima, nin cando os avós che aprenderon a debullar o millo, as mancheas de castañas no Magosto, as farturas de filloas polo Entroido, as panxoliñas que cantabas no Nadal.

Namorácheste dez veces, engaiolábante os libros, mergullácheste espido nun regato unha noite de San Xoán.

Soñabas con rubir ao carro do ceo voando por entre as nubes, soñabas que corriamos coma uns tolos polas fragas, soñabas que nadabas alén do mar.

Almorzabas leite morno, belisca-

bas os moletes, rillabas nas mazás verdes.

Ollabas pola xanela os lóstregos cheo de medo, e decote no meu colo queríaste acubillar.

Coñeciches a morriña, a paixón pola terra que te fixo retornar, con ledicia e cun sorriso recibinte con mil bicos. Acougaches no fogar.

En galego nacín, medrei, vivín.
En galego naciches, medraches, viviches.

Que os teus fillos nazan, medren e vivan en galego.

Cecilia Barros Díaz

Avogada

*M*anda para a miña filla e o meu fillo:

Constitúe para min unha honra e un especial motivo de orgullo legarvos o mellor que recibín de meu pai e de miña nai, o ben máis prezado que posúo: a lingua de noso.

O galego vén sendo dende tempos inmemoriais a lingua senlleira da nosa familia, que contribuíu a mantela viva xeración tras xeración. Non obstante é evidente que, perante a difícil situación que vive na actualidade, non fomos quen de cumprir de xeito eficaz coa obriga de todos os galegos: respectar e prestixiar a lingua galega, o principal sinal de identidade do noso pobo.

É o meu meirande desexo que vivades decote como galegos que sodes e que demostrades (respeitando a nosa lingua e empregándoa arreo, tanto na fala como na escrita) que estades orgullosos de selo. Esa será a única maneira de contribuírdes para que o galego teña o prestixio que lle corresponde, para que se converta na lingua de todas as persoas de Galicia, para que cada día teña máis vida e para que vós poidades legarllela aos vosos fillos como o voso ben máis prezado.

Miguel Barros Taboada

Natural de Campo Lameiro e veciño
de Vilagarcía de Arousa

En Cerdeiras, concello de Moraña, con data XI de setembro de 2008, e ante min, o Notario do Ilustre Colexio da Lingua Galega e Identidade de Galicia, comparece D. Xosé Manuel que ordena a súa derradeira vontade de acordo co seguinte:

Légalle ao seu fillo David a casa materna co seu terreo, non xa como ben material senón como ben cultural, de onde saíron as historias que súa avoa lle contaba ao lado da lareira mentres o caldo se facía na trepia, de onde saíu a sachadeira, a sementadeira, o carro, o xugo, a pedra de facer as filloas, a artesa, o arado, a grade..., onde plantei limoeiros, la-

ranxeiras, ameixeiras, cereixeiras e outras árbores da nosa terra..., porque de aquí e doutros fogares galegos saíron as verbas que forman a nosa lingua, un dicionario ao aire libre que nos identifica como galegos.

Xosé Manuel Brea Costoya

Funcionario

*M*anda testamentaria para que Galicia viva.

É a vontade deste testador que, xunto coa casa familiar da Cortiña Angueira e as hortas, parras e toxeias que a rodean, os meus fillos Tamara e Lois reciban en herdo a ledicia cantareira do val do Ulla —para nós o Mar Vello—, a presenza amiga do castiñeiro do Souto, as corredeiras da veiga e os muíños que aínda ecoan o espírito dos devanceiros.

Píddolles que manteñan o amor pola vida rural, garante do cerne galego: as xuntanzas no quinteiro, o barullo da eira da malla, a fogueira de San Xoán, as roma-

rías, os contos da lareira, o viño a ferver nas tallas, os hórreos acugulados do amarelo do millo e o aturuxo que reivindica a cultura popular.

Porén, quero engadir como manda final que todo o dito non terá razón de ser sen a fala galega; velaí que antes de me perder no remuíño de sombras, quérolles deixar a alma das cousas, as palabras que nomean e identifican séculos da nosa historia: as que dormen nos vellos pergameos e as que rachan o silencio dos vales ou batan nos cons da Arousa.

Que a lingua vos acompañe a vós e ós vosos descendentes nas alegrías

e nos sufrimentos, viva, amorosa, eterna coma as pedras da ermida do Santo Amaro que comparten veciñanza coa casa patrucial.

X. Ramón Brea Rei

Profesor do I.E.S. "Miguel A. Glez. Estevez", O Carril



*D*eseño que os meus herdeiros, galegos de *cuna* e corazón, sigan colaborando, como o veñen facendo dende o berce, no intento de manter viva a nosa lingua, como o estandarte que é da nosa cultura, polo respecto que se lles debe ós nosos vellos, non só ós familiares senón a todos aqueles nosos devanceiros que souberon transmitir todo este legado que nos define como pobo e como país ata os nosos días, e véñenme á cabeza algúns ausentes pero tan preto de nós, e de min coma José de Carreirolo, O Ferrete, Manuel dos Cabaniños, dos Ancares (que o único que lle pesaba na vida era morrer sen poder ver o mar), etc., homes absolutamente entraña-

bles cos que foi un orgullo poder compartir o seu tempo e a súa sabedoría.

Ogallá os nosos descendentes garden un recordo noso como pobo, como país con lingua propia, igual ou mellor se pode ser que o que herdamos nós, e co que nos sentimos orgullosos pois é ben sabido que un país culto é un país sabio, feliz e sobre todo pacífico.

Jaime Camino Lastra

Veterinario

A Clara e María.

Ó longo da nosa historia moitas persoas tiveron a intención deliberada de conservar e darlle continuidade á lingua galega, uns por medio da literatura, do estudo, da política, outros polo seu uso oral, e outros por medio de legados deixados ós seus fillos ou herdeiros, atopándose moitas veces todos eles con circunstancias sociais e políticas adversas.

Quero, e vós tamén así o queredes, porque así o vimos facendo dende o día que te coñecín, Clara, e dende o día que naciches, María, que entre os tres sigamos facendo este labor cotián de marabillarnos

cada día cando falamos entre nós, coa nosa familia, cando o facemos cos amigos e con todos os demais, cando nos deixamos notas e avisos, cando falamos con Xeixo e con Pitís, converténdose esta acción en algo que sen decatarnos e sen ningún esforzo, contribúe a darlle vida á nosa idea de familia galega e continuidade á nosa lingua e á nosa cultura.

É para min o momento, como manifestación de respecto á miña familia, á lingua de Galicia, ós seus falantes, e como non ós que se opuxeron á súa desaparición a través dos séculos, e a vós que me ledes ou escoitades, darlle o debido cumprimento -cousa que fixen

con grande respecto toda a miña vida-, e deste xeito continuar coa tradición, legándovos a vós, Clara, María e ós vindeiros descendentes, nun acto deliberado e consciente a formalización desta manda testamentaria.

Desexo e demando que neste acto formal e libre, o texto xurídico do meu documento, do meu e do voso testamento, se fagan e recollan por enteiro na nosa lingua. Lingua na que quero declarar ademais a defensa de costumes, dos nosos costumes, e así reflectir, para lembranza de todos, que a lingua que recolla a lenda da miña andaina, ou o que lle queirades poñer, estea escrita na miña lingua, na vos, na

de todos os galegos e galegas que se prezan de selo.

Manuel Campos Sanmartín

Funcionario de Administración Local
Concello de Vilagarcía

U nha fala e unha cultura

Temos que recoñecer que o testamento é un acto moi persoal e individual. As derradeiras vontades non soamente reflicten os valores materiais, tamén aparecen indirectamente os nosos valores culturais entre eles o noso idioma; tanto é así que, dos meus antergos recibín esa cultura da nosa lingua e non fixo falla que mo deixaran por escrito. Herdanza da que me sinto moi orgulloso dos meus avós por deixarme un idioma que son as ferramentas que temos para comunicarnos e intercambiar os pensamentos, ideas e emocións da nosa terra sendo a nosa lingua o máis grande sinal de identidade.

Agora que estamos a vivir unha cruzada en contra das linguas minoritarias do estado español con voces dicindo que o idioma castelán está en perigo e en decadencia. A todos estes agoireiros descendentes de antepasados galegos lles digo que ser galego e falar galego significa respectar ós seus avós, aínda que no testamento só lles deixaran os bens materiais. Ser galego é poder ter a facultade especial de cheirar o mar ao pasar a Canda e o Padornelo cando vimos da meseta e emocionarse ao ollar a neve naqueles fermosos sendeiros nos Ancares. Ser galego é poder sentir e vivir entre montañas sen sentirse pechado, aberto ao mundo. Ollar e escoitar o mar cun sentimento que non ato-

po palabras para escribir e expresar esas emocións. Galego é sentir que a choiva te limpa e non te molla. Ser galego é ollar con amor a ferosura que temos nos nosos campos cheos de grelos, patacas e outros froitos. Ser galego é alucinar co recendo da herba acabada de cortar.

Non se poden sentir todas estas sensacións ao completo se non te expresas falando cos teus compañeiros, amigos ou familiares na nosa lingua galega, sintonizando co mar, co campo e co arredor da terra que te veu nacer falando galego.

Agora teño unha oportunidade de facelo por escrito para os meu fillos e netos. Agardo que gocen dos bens

materiais que lles poida deixar, estes bens son pasaxeiros, pero o máis importante é a herdanza da nosa lingua, un ben que non se vende nin se compra pero que a poden gozar toda a súa vida.

Pídivos, fillos e netos, que xamais esquezades a nosa fermosa terra e a nosa lingua, que transmitades aos vosos descendentes estas dúas cousas: lingua e terra, bens que vos deixo con moito agarimo e conservádeas como se fora un tesouro, o voso mellor tesouro.

Asinado na medieval vila de Vilaxoán de

Arousa, no mes de setembro de 2008

Teodomiro Cardalda Fernández

Mariño mercante

Nesta sociedade na que nos toca vivir, os nosos soños só van encamiñados á acumulación de bens materiais, que non deixan de ser cousas funxibles que se nos van co seu uso.

Endexamais pensamos que hai outros bens como a lingua, a cultura ou o sentimento de pobo, que son marca de identidade e que canto máis abusemos deles na súa expansión, máis perdurarán no devir dos nosos días e dos nosos herdeiros, e desta maneira seguirán formando parte do seu patrimonio.

Esforcémonos en facer que esa enorme riqueza siga latexando

entre nós, e que nunca máis volva a ocorrer o daqueles anos na que quedou alelada polo longo sono á que foi sometida e así seguir dignificando a conciencia de pobo.

Non é tarefa difícil se poñemos un anaco da nosa parte, só fai falla perseveranza e empeño para que todo ese ben pase de xeración a xeración e non esmoreza, e poder continuar ese camiño poderoso e enteiro para erguer o noso futuro de pobo verdadeiro.

Eduardo Carregal Doval

Mestre

Quero pensar que os fillos sempre estarán ledos de recibir a herdanza que lles deixe o seu pai. Particularmente os meus, que non pensen en moitos bens materiais.

Algúns terán, se Deus quere, máis sempre terán que traballar para poder acadar todo o que necesiten na súa, espero, longa vida. Do que si estou seguro é de que terán o recordo de alguén que sempre os coidou o mellor posible. E ese coidado non se reduce só ós aspectos materiais, senón que inclúe eses valores, ou parte deles, que nos gusta ver nos demais. Un deses é a lingua. Espero que non se esquezan de

usala tódolos días, e en tódolos contextos posibles nos que se poidan atopar.

Juan Castaño López

Profesor IES O Carril

Eu quero deixar en herdanza ós meus fillos, o que meu pai me deixou a min:

A súa memoria.

A xente do seu arredor opinaba que era un home tolerante, cordial e sensible; tan sinxelo que procuraba sempre pasar desapercibido, calando o seu amplo saber, sen facer ostentación de nada.

Pertencía ó grupo dos bos e xenerosos.

Gustaríame que non esqueceran o sufrimento que pasou seu avó e tantos outros, sinxelamente por

querer que a súa terra estivera no lugar que merecía.

O pano da Historia non debe baixarse, porque el puxo todas as súas esperanzas nunha Galicia á que amaba profundamente, pagando un alto prezo por iso.

Desexo que sexan herdeiros do respecto que el tiña pola nosa lingua, a nosa terra, a nosa cultura e as nosas tradicións e así mesmo llelo transmitan ós seus fillos.

Susi Castro

Presidenta da Fundación

Plácido Castro

Déixovos os meus bens materiais, máis ben cativos, pero tamén deixo o ben máis prezado, a lingua, ben inmaterial que conxuga séculos de fala, de poesía, de música. A lingua milenaria, a lingua de reis na que me falaba meu pai, na que me cantaban os avós, a lingua na que me fala miña nai, gardádea no voso corazón e usádea acotío.

Falade coas vosas fillas, cantade cos vosos netos. Cos vosos amigos e amigas, co primeiro amor e o derradeiro; coas pombas e as andoriñas, co ar e o lume, co ceo e a terra, falade. Aínda que veñan tempos de ermo, non esquezades falarlles ao ouvido ás palabras.

Son de noso.

José Ignacio Castro

Músico e profesor - Vilagarcía

*P*rezados fillos, sabede que o ben máis prezado que herdades é un tesouro colectivo que debes compartir, coidar e defender. É o idioma, a lingua galega que nos dá personalidade e que marca a nosa identidade de País diferente.

A lingua galega é unha riqueza que herdamos dos nosos avós, que ten máis de mil anos de historia, cunha literatura importante, recoñecida entre as linguas cultas de Europa, e que nos identifica como galegos, dito doutra maneira: que nos sitúa no mundo, que nos dá identidade. A identidade é un valor de extraordinaria importancia no mundo globalizado, que tende á estandarización e, por tanto, a

diluír nun único magma os discursos particulares.

Todas as linguas teñen, polo menos, unha dobre significación, que é tamén un valor obxectivo: un valor simbólico e identitario, na medida en que dende a lingua se configuran e constitúen as principais marcas de referencia dunha comunidade (representación e un valor de comunicación, entre os falantes e mesmo co mundo exterior).

Nun mundo globalizador e globalizado deben cobrar maior presenza e protagonismo os referentes propios de cada pobo, nomeadamente o punto de partida que

permite as primeiras verbas e abre as portas a todas as demais, facendo posible o desenvolvemento da Cultura, e mesmo o curso da Historia.

Nesa globalización da diversidade chamo a vosa atención sobre a necesidade das palabras galegas, do discurso galego, das propostas e as interpretacións galegas e en galego na seguridade de que este noso patrimonio e os nosos compromisos con el son necesarios, coma todos os demais, para nós e para todos. Para que a Historia que me une a vós teña continuidade.

Porque este tesouro que agora

herdades, que é a lingua que eu sempre falei, teña asegurada a través de vós “mil anos máis para o idioma galego” e pase con vitalidade á seguinte xeración e todas a que veñan detrás.

Xosé Castro Ratón

Tenente de Alcalde
de Vilagarcía de Arousa

A miña herdanza é moi simple: que sempre permaneza a utopía no cerne do ser humano, que esta teña como fundamento a melloira do home nesta vida, que a súa contorna sexa fermosa e críe ó mesmo tempo o mellor ámbito para que esta utopía medre e ensoñe un mundo máis nas mans da intelixencia e da creación.

Que a cultura e o idioma do noso país sexan recoñecidos por todos, alimentados por todos; que non sexa unha arma ancorada de xeito político nin partidista. Unha lingua e unha cultura libre que endexamais pase polos avatares que pasou de prohibición e menosprezo, pois penso que a lingua e a

cultura son coma estrelas no ceo, que cando unha se apaga, fai un universo con menos luz e riqueza.

A lingua, que é o elemento básico dunha cultura, é esa estrela que nos fai ser parte do universo, se a lingua desaparece ou se apaga, todo un mundo construído durante centos e centos de anos desaparece, e esa sería unha cuestión imperdoábel.

Usádea, coidádea, amádea e transmitídea, pois este é para min un dos mandados máis importantes que vos deixo en herdanza.

Xaquín Chaves

Pintor

Ea ti, miña filliña, déixoche como herdeira desta terra que pisas, onde respira o meu taller...xunto a birbirichos, carballos e piñeiros nos lombos de Carril.

Para ti son os meus bens culturais, que son os nosos, estes bronces e madeiras que saíron do meus alento, e sobre todo a nosa lingua que espero gardes como parte do teu pai, fundamental na personalidade universal do noso País.

Manolo Chazo

Escultor



“ Queridos fillos: cando vos chegue a hora de herdar, xunto cos bens materiais que vos poida deixar, contade cunha xoia que xa eu herdei dos meus pais. É a cadea de palabras que conforman a lingua galega. Pasei unha gran parte da miña vida repartindo eles desta cadea entre mozos e mozas coma vós, e vós mesmos, “Paulo” e “André”, recibistes o primeiro elo no intre do voso nacemento.

Conservade esta xoia e non teñades medo a compartila, pois cantos máis aneis repartades máis longa se fai esta cadea.”

Pilar Conde Coira

Profesora de Lingua Galega

A miña xente querida non podo deixarles máis que o meu ben máis prezado: os meus soños escritos e gardados na memoria do meu computador, ó igual que na miña propia; e só lles pido que se eu non os puidera cumprir, o fagan eles por min, xa que non quixera morrer sen ensinarlle a miña nai Galicia os meus humildes escritos de adolescente ansiosa de saber, de saber máis sobre a súa terra, sobre a súa lingua e sobre a historia dos seus devanceiros, a cal tamén considerou súa.

E quixera pedir, ou mellor dito rogar, a todos os galegos que se sintan como tales e se sintan orgullosos de selo que traten a nosa

lingua con agarimo, coma a unha planta que hai que regar todos os días, para que medre e enraíce na terra, na nosa terra, Galicia.

Ana Corbelle Cacabelos

Estudiante de Bacharelato

É preguntas o porqué deste legado? Por todas esas persoas que dedicaron tanto tempo a loitar para que sobrevivise a todo tipo de invasións físicas. Por todos os que loitaron contra as invasións morais e a marxinação social dos que a empregaban. Porque foi o xerme dunha cultura. Porque non é peor que ningunha outra. Porque non queremos ser coma Pitas de Monte en perigo de extinción. Porque o bo viño está nesta terra. E o mellor marisco tamén. Porque é mais que un xeito de manifestarse, é o meu xeito de transmitir. Porque é a lingua que fala o meu cerebro. Porque o meu cerebro quere falar esa lingua. Porque

alguén me dixo unha vez que “o xurelo afumado dura todo o inverno”. Porque en Santiago sempre é inverno. Porque hai un galego en cada recuncho do planeta. Porque xa é hora de que lle devolvamos todo o que fixo por nós. Porque na casa de Breogán todos son benvidos....Por todo iso é polo que che deixo a honra de coidar esta lingua, a túa lingua.

Fernando Corbelle Cacabelos

Estudante de A.D.E.

O sol corre lixeiro a agocharse detrás do bico A noite tece o seu manto paseniñamente... O lume na lareira esmorece con vagar e, decontado,... borralla se fará. Tempo é de contas botar.

Os bens que na vida xuntei, nas vosas mans están.

Os bens que me deixaron, partírvolos non quero. Mandarvos hei estas obrigas para xuntos cumprir:

Cada outono, a fonte do picho, alí onde nace coas mans habedes limpar; no frío inverno a toxeira defender pois nas beiras plantas asasinadas vos han soterrar; pola primavera, a leiriña da porta sementade con bo

gran e boa man; chegado o verán, gardade ben as quendas do muíño sen conta perder e, nos días de festa, xuntos mantede na lareira da vella casaña esta fogueira acesa.

A fogueira da fala, desa fala que dos vellos aprendín, que a vós meus cativos vos ensinei, que a todos os outros “filliños” nestes anos de traballo lles amosei. Esa fermosa fala que xuntos habedes con agarimo limpala, con xenio defendela, sementala con constancia, gardádea nos malos tempos e sempre,... mantela sempre, alumando no voso corazón.

Xosé Manuel Correa Otero

Mestre

Son filla e neta de emigrantes, criáronme os meus avós maternos, retornados das Américas xa facía moitos anos, nunha aldea da Estrada, pequecha, de apenas catro casas. Con nós vivía a madriña da miña nai, unha muller que xa era vella e sabia cando eu nacín. Morreu con noventa e oito anos, igual de vella e moito máis sabia. Cando se enfurruñaba en vez de mandarte a paseo, mandábate a Arxel, á guerra de Arxel, á guerra en xeral, era o peor sitio que se lle ocorría para mandar a alguén, xa dixeran que era unha muller sabia. Aprendín a falar galego antes que castelán, na miña aldea non se falaba outra cousa, e as primeiras palabras de cariño que me dedicaron foron, precisamente,

en galego, como en galego foron os primeiros contos e cancións que escoitei.

Ós meus herdeiros prégolles que non esquezan a dozura dunha lingua que forma parte da nosa historia persoal, da súa e da miña, que non esquezan que esa lingua e o pobo ó que pertence son un patrimonio de riqueza incalculable, indisolublemente unido a nós mesmos, patrimonio ó que non teñen dereito a renunciar, todo o contrario, conservalo e transmitilo é unha obriga moral que lles corresponde e que dende aquí lles impoño.

Encarna Dasi Dorelle

Xuíza

*A*mén doutros pequenos bens materiais que vos pertenzan por herdade, quero legarvos un prezado ben para min, que en tempos non moi atrás algúns tildaban de “pale-tos” a quen a utilizabamos.

A nosa lingua, que algúns tivemos a fortuna de mamar, e coa que nos comunicabamos por aqueles camiños e corredoiras das aldeas. Quero tamén que saibades que é unha honra e un orgullo os avances conseguidos, pero que o camiño que queda por percorrer aínda é moi longo.

Manolo Diz

Mestre



Ghámome Xoaquina, nacín nunha aldea do Concello de Noia, teño 50 anos. Sempre falei Galego aínda que ás veces non era doado, pois dicían que así “hablaban las de la aldea” e eu que nacín nunha, non me afectaba, porque sabía que tarde ou cedo, esas persoas que crían que o Galego era lingua de segunda, acabarían por falalo e defendelo, e dígoo con coñecemento, pois púideno comprobar pasado o tempo.

Fun membro dun pequeno grupo de teatro afeccionado, no que sempre se facían obras de autores galegos (Curros, Celso Emilio etc.) e teño que dicir que me sentía moi leda, porque se xa as obras eran fermosas ao representalas en

galego resultaba moi harmonioso, sonoro e ó mesmo tempo doce.

Penso que unha lingua propia fainos libres e é o mellor legado que podemos deixar, o mesmo que fixeron os meus maiores; país, avós, etc.

Desexo que os meus fillos sigan expresándose e defendendo a nosa lingua, tal como xa o fan, e o leguen aos seus fillos e estes aos seus, e que esta pequena achega axude a que non se perda esta lingua, que cando saes de Galicia, só con oír una palabra nosa, encóllesenos o corazón e aumenta a morriña.

María Xoaquina Dosil Barreiro

M

eu fillo, a primeira vez que me chamaches dixéchesme *Helo*, porque era o que escoitabas aos nenos e ás nenas maiores cando os estranxeiros chegabamos ao orfanato de Addis Abeba. Aos dous días souben que definitivamente me incluías na túa vida porque comezaches a chamarme *abba* que, como ben sabes, en amhárico significa “papá”, e pouco máis tardaches en pronunciar a túa primeira palabra en galego: *pixama*.

Da túa lingua gardamos as poucas palabras que coñecías con apenas ano e medio: *abba*, “papá”, *sami* ‘bico’, *valalo* ‘comida’, *envi* ‘non’.....

Do teu país herdaches o orgullo dun pobo, o etíope, que nunca foi colonizado.

Hoxe tes seis anos e segues a ser etíope.

Hoxe tes seis anos e es galego.

Sinto que cando volvamos a Etiopía non poidas expresarte en amhárico.

Sinto que o que che podo aprender das túas orixes sexa tan pouco.

Por iso gustárame deixarche como legado un dos bens máis prezados que temos as persoas, a lingua e o sentido de pertencer a

unha cultura, que hoxe xa é a túa. Por iso, pídoche que sexas galego, que te expreses na nosa lingua, que ames o galego e que lles digas aos teus fillos e aos fillos dos teus fillos que o teu corazón de galego tampouco nunca foi colonizado.

Celia Durán Abollo

Licenciada en Filoloxía

*A*s Poroxas, pasando polo barrio de Molelos e a Piliteira, o prado onde pasei as mañás de verán na miña adolescencia, xunto ao inesquecible Roco.

Requeixo, pasando pola Cortiña e Vilaza, o balneario xunto ao río Búbal, onde acudiamos a bañarnos en bicicleta.

O Souto, o campo da festa onde tamén xogabamos ao fútbol antes de facerse o campo de Rozavales, pasando polas Fontiñas.

O Terreo, pasando pola Garza, o bacelo onde tantas uvas coidei e vendime.

A rúa dos Caladiños, onde sempre había barullo que se expandía polos innumerabeis currunchos dunha antiga rúa de pedra e cachotes.

Alguén debe recordar que As Poroxas non é un lugar por onde pasa a autovía, que Requeixo non son unhas ruínas queimadas e un río estragado por unha minicentral, que as festas do Santiago no Souto non se reducen a decibelios, que o Terreo non é unha parcela cadrada, vulgar, de poula, e que a rúa Caladiños ten casas nas que recordan aos veciños que se berraban pero que tamén estaban dispostos a botar unha man.

Quixera que os meus herdeiros e todos aqueles nenos e nenas que teñen raíces na paisaxe onde eu me criei, coñezan e valoren eses espazos da memoria que tanto significan para os da nosa xeración, os seus nomes, a nosa lingua, que se perde ás alancadas: Albarellos de Monterrei. Recordando os espazos, recordamos os seus nomes e, sobre todo, as infinitas palabras alí pronunciadas na lingua que nos fai ser: o galego.

Compostela, 30 de setembro do 2008

(día no que cumpro anos)

Eladio Anxo Fernández Manso

CPI D. Aurelio (Cuntis)



“ Naturalmente falando galego”

Nada máis rico que unha identidade propia, un modo de vida, expresións peculiares e xeito particular de pensar, todo a través dunha canle común que nos define e une de xeito igual, a nosa fala, naturalmente.

A naturalidade na fala, no entendemento, coído que é o máis rico que podemos ter. ¿Por qué digo isto?, non lembro ningunha ocasión, ata fai poucos anos, na que tivera que pensar ao falar coa xente do meu arredor, se o estaban a facer en galego ou non, o entendemento era total, de xeito natural tiñámolo aprendido, tiñámolo dentro.

Lembro que de rapaz, antes de ter que empezar a estudala, non tiña ningún problema para falar e entender a nosa lingua,

“eramos moitos nenos nun patio, uns galegofalantes e outros non, todos falabamos ó mesmo tempo, todos falabamos unha mestura de linguas, e ninguén preguntaba, todos entendiamos todo”

“sen darnos conta de como ou porqué, falabamos dun xeito ou doutro, saía naturalmente”

Hoxe, teño dous rapaces de dous e catro anos, falo con eles tamén, “naturalmente”, así desexo que medren, sen prexuizos, sen me-

dos, sen vergoñas, sen obrigas, abrindo camiños coa nosa lingua, como debe ser, naturalmente.

Tomás Fole Díaz

Voceiro do grupo municipal
do Partido Popular
Vilagarcía de Arousa

*N*esta última manda das miñas derradeiras vontades quero deixar en herdanza aos que veñen tras de min todo aquilo que collín desta terra, todo aquilo que por ela me foi dado e que modelou a esencia do que son. A eles déixolles, pois, o máis valioso por tratarse dun tesouro inmaterial e intemporal.

Déixolles os fermosos solpores sobre a Ría de Arousa, a caricia do vento entre as follas das árbores, o murmurio dos regatos, o azul do noso mar, o verde dos nosos montes, o apego e o amor pola nosa terra. E déixolles o máis importante de todo: a nosa lingua galega, a xoia máis prezada

porque é a que lle dá forma e lle pon voz á nosa alma e nos identifica como colectividade.

A miña última vontade é, pois, que as xeracións vindeiras espallen a lingua galega polo tempo e o espazo. Que a nosa semente cultural arraigue e medre cara ó infinito. Que polos séculos dos séculos, a primeira nana que canten as nais sexa en galego, que a primeira palabra que digan os nenos sexa nai, que os amantes se xuren amor eterno na lingua de Rosalía, que o desamor se chore con bágoas en galego, que a xustiza se escriba con leis en galego, que todos os galegos soñen en galego, que a nosa historia pa-

sada, presente e futura perdure no tempo con letras galegas por sempre xamais.

María Dolores García Giménez

Alcaldesa de Vilagarcía de Arousa

*S*eica falar non ten cancelas, pero non hai cousa peor ca unha boca pechada. Quedan para os nosos pequenos os beizos dunha lingua afeita a falar sempre en pasado, para eterno despiste de imbéciles e escuros. Unha lingua que traduce o mundo a anacos de agarimosos diminutivos ou ferintes regueifas, segundo vaia a feira. Unha lingua mollada en séculos de historia; algúns ben escintilantes, outros escuros e cheirentos coma a camisa daquela traidora raíña de castra e doma. Unha lingua para habitármonos a nós mesmos e recoñecérmonos nela. Queda, tamén para eles, a tarefa que nós non seremos quen de ver rematada: acadar o vencello definitivo desta nosa lingua co futuro que agarda aló enriba, no alto

da escaleira. Nunca máis ficar sen subir nin baixar. A eles deixámos-lles estes beizos abertos para falala e dentes rexos para defendela. Que ninguén llelos peche.

Serxio González

Xornalista

*A*vós, meus tesouros, Aloia e Santiago, quero transmitirvos o amor e entusiasmo pola vida, o respecto por todos os seres que nos acompañan neste milagre que é a existencia. Neste mundo plural, diverso, que descubrimos con asombro, nunca nos teñamos nin por máis nin por menos ca ninguén. Dende o Sesteiro e a Oliveira, dende a Ponte e Mondariz, dende O Carballiño e Riobó, dende San Cibrao e Viveiro ata Fefiñáns, a fala de quen nos precedeu chegou aos nosos beizos e vive neles. Non entreguemos para a desfeita aos que todo aniquilan no nome da uniformidade, do monocultivo e da rendibilidade os tesouros que nos foron entregados.

Non lles roubemos aos que veñan detrás de nós nin a lingua, nin a terra, nin o ar, nin o respecto pola vida e polos semellantes diferentes.

Isabel González Avión

Profesora

*M*este meu derradeiro alento, sinto os nervios da campá da miña románica igrexa cuntea presaxiando o seu pronto espertar, para anunciarlles a todos os meus veciños a miña inevitábel partida cara ó destino común de cantos somos mortais. Agora enchendo os pulmóns para dar o suspiro final, penso e fago conto de cantas cousas fun recollendo para min, e que comigo non poderei levar. Por iso quero, e debo deixar en herdanza, que remedio, o meu corpo material á terra do noso camposanto, para ser eu xa, dende hoxe e para sempre, terra cuntea. A miña alma, encadeada a min, déixoa ao fin ceibe do meu corpo para que vaia a onde lle pete ata o día do xuízo final. É o meu

ben máis prezado, o amor a Galiza, á nosa cultura e ó noso idioma, déixoullelos en herdanza a Alba e a Manuel, como semente que estou seguro xermolará nas súas vidas e que saberán defender de cantos ataques invasores teñan a mal manifestárselles.

Fernando González Graña

Empregado de banca e escritor

Que podó deixarvos?...

Nas miñas mans só quedan as verbas que cando era novo repenicaban nos vellos soportais de Santiago.

...E que máis podó deixarvos que ese pequeno tesouro que veu comigo desde ese momento.

A lingua é a roupa que nos viste e sen ela quedámonos nus e orfos, baleiros e desacougados.

Nin cartos, nin bens materiais, pero na miña manda si vos quedan esas roupaxes de marca co selo de identidade que garanta o noso lu-

gar na terra e que nos fai a todos irmáns, irmáns de fala.

Augusto Guedes

Profesor

...] Deixo tamén ao voso dispor o meu prezado tesouro cultural. Chegou ás miñas mans no Carril da segunda metade do pasado século, pero xa existía nos tempos en que se edificaran tantas ermidas, igrexas, ata magníficas catedrais do Románico e pervivirá con vós cando menos ata o século vinte e dous.

Esta propiedade é portable, compatible, resistente e perdurable, inesquecible... amable. Non require custos de mantemento nin de rehabilitación, non ocupa espazo e vaise adaptando en por ela a calquera innovación tecnolóxica, científica, social, cultural ou económica. Se cadra, a vantaxe que

máis lle gabaredes é a súa probada eficacia para transcender todo tipo de fronteiras.

Como o meu tesouro cultural é intrinsecamente individual mais simultaneamente colectivo, cada persoa que o recibe vai gozalo integramente e á mesma vez traspasárllelo e compartilo con quen quixer. Este ben é literalmente imperdible e inalienable. Se algún toliño con dereito a el o rexeitara nun mal paso da súa vida, sempre podería rectificar e elixir libremente niveis de reinstalación e ámbitos de uso.

Por riba, non só respecta e facilita a conservación do noso medio

natural senón que identifica e define con rigor cada ser vivo, cada mineral, cada fenómeno meteorolóxico, cada paisaxe...

A lingua galega é o código perfecto que descifra a nosa idiosincrasia, un recurso intanxible pero invencible, creación dunha sociedade complexa no plano histórico-cultural e no xeográfico que soubo e sabe desenvolver a pericia de conxugar orgullo e humildade.

¿Que mellor patrimonio vos hei legar que o galego?!

¿Que non se acada combinando as verbas axeitadas e sumando as voces precisas?

Quedo convencida de que esta miña derradeira disposición contribuirá a serdes máis felices.

No Carril, a vinte e dous de setembro de dous mil oito.

Manuela Iglesias Sanmarco

Profesora

Por último, quero legar aos meus herdeiros o meu fondo amor pola lingua e a cultura de Galicia.

Cando eu era pequerrecha vivín con meus pais varios anos en Andalucía e durante todo ese tempo meu pai nunca deixou de falar-me na nosa lingua, para que non me drase allea ás nosas tradicións e costumes, en resumo, á nosa cultura. Ese foi un dos legados que me deixou meu pai, a absoluta convicción da necesidade de levar a Galicia no corazón sen importar o lugar do mundo no que estivese; e ese é, tamén, o legado que eu vos quero deixar a vós.

Cultivar o galego, aprendelo, fa-

lalo, escribilo... é moito máis que saber outro idioma, é unha porta aberta cara ás nosas tradicións, cara ós nosos antepasados e a nosa historia, e iso permitíranos, como pobo, mirar cara adiante para acadar todo aquilo que os galegos nos propoñamos ser. Este absoluto convencemento nas nosas posibilidades é a herdanza máis importante que eu vos podoo deixar, e agardo que vos sirva para seguir adiante construíndo o futuro do noso país.

María Luísa Iglesias Tellado


Periodista

Que sexan estas miñas poucas palabras testemuño fiel da miña fonda querencia pola lingua galega, aprendida vivencialmente dos meus pais e avós, reafirmada co paso dos anos, compartida coa familia, cos veciños, cos amigos, e que procuro transmitir de día en día ás miñas fillas Elisa e Xulia coma o meirande tesouro que nos foi herdado. Porque na lingua galega creativamente entendo o mundo, vivo e expreso libremente aquilo que son, con propia voz, en igualdade, simplemente porque a sinto parte indisoluble de min. E pois que quero que o galego perviva cando eu xa non me conte entre os vivos, aquí deixo constancia por escrito desta miña vontade

futura, para lembranza dos meus segundos, enteiramente orgulloso de poder falar na lingua máis fermosa.

Xosé A. Maroño

Profesor



...] Finalmente, e despois de legar todos os cartos e bens materiais, é o meu último desexo na presente manda, deixar aos meus seres queridos a miña maior riqueza, que paso a expoñer a continuación: Quero legar a parte que me corresponde como galega dos nosos ríos, fontes e regatos pequenos, da nosa arquitectura, da nosa literatura, da nosa música, da nosa cultura en xeral, todo aquilo que defenderon as nosas xentes, todo aquilo que os nosos devanceiros nos deixaron, pero sobre todas as cousas da nosa lingua, a todos os meus descendentes, e aos descendentes dos meus descendentes, así ata a fin dos tempos, para que a nosa forte pegada na historia

non se esvaeza e esta terra e esta lingua estea sempre presente no corazón do último galego. É responsabilidade e obriga de todos os meus descendentes conservar, coidar, respectar e transmitir todo este legado citado anteriormente, e ser conscientes da importancia que ten esta misión que lles encomendo para a historia a cultura e o futuro de Galicia.

Andrea Martínez Beiras

Tradutora, revisora e intérprete

Déixovos a lingua que adozou os meus aloumiños

Déixovos a lingua que silabou as miñas miradas

Déixovos a lingua que fermentou o meu amor

Déixovos a lingua das apertas dos meus amigos

Déixovos a lingua que escoitei ós meus iguais

Déixovos a lingua coa que ensinei ós meus alumnos

Déixovos a lingua coa que fei a nosa historia

Déixovos a lingua que regou a árbore da miña vida

Déixovos a lingua polén do meu pobo

Déixovos a lingua das primaveras futuras

Déixovos palabras

Secuencias fertilizadas na raigame

Déixovos palabras

Resoes do meu convivir

Déixovos palabras

Ecós da seiva do porvir

Aí vos queda, un baúl de cultura aberto á fermosura

Aí vos quedan milleiros de bautizos

Aí vos queda un dicionario

¡Dádelle vida! ¡Prolongádelle a mirada!

¡Dádelle vida! ¡Arrincádelle as lápidas!

¡Dádelle vida!

Regade o voso pobo co manancial da súa lingua!

Carlos Méndez Míguez

Profesor de ensino secundario



A todos os meus herdeiros nesta derradeira manda deixo un legado intanxible pero non por iso menos importante, se cadra aínda máis, que foi pasando de xeración en xeración dende sabe Deus cando; este legado estivo presente na miña alma galega dende o berce ata hoxe e así seguirá sendo, xa que nacín e me criei na nosa lingua e nela quero que vos criedes e medredes, así coma as futuras xeracións.

As miñas primeiras palabras foron en galego, xa que en Godos (Caldas de Reis) non había outra maneira de falar, do cal me sinto ben orgulloso. Prégovos que do mesmo xeito que eu vos ensinei a

defender e amar esta nosa lingua, na miña falta non vos esquezades dela, e vós, igual ca min, fagades o mesmo cos que vos herden, e así coñezan, usen e valoren esta riqueza cultural que ten a nosa Terra, impresionante dende A Guarda ata Ribadeo e dende Fisterra á Gudiña podería encher follas e follas cos lugares da increíble costa e do interior, todos coa mesma lingua e cultura, bañados e defendidos polo Miño e polo Sil, polo Xurés e polo Caurel, sen esquecerse doutros máis pequenos pero non menos importantes, que tamén regan e defenden a nosa lingua, como bos galegos que son.

Quero facervos unha recomen-

dación antes de saídes a coñecer mundo, coñecedo Galiza, para decatavos do que antes mencionei, e dese xeito comprobar tamén que hai sitios moi fermosos no mundo, pero non máis que a nosa Galiza.

Carlos Mondragón Rodríguez

Empregado Caixanova

*N*on podo rematar este meu testamento sen vos deixar a tod@s e cada un dos meus herdeir@s o maior tesouro que teño, algo que me transmitiron meus pais e que eles recibiron dos seus: o amor a Galicia e á súa lingua.

Tesouro este que perviviu xeración tras xeración porque é o que nos define e identifica. Asegúrovos que é o tesouro máis espallado polo mundo, pois tod@s @s galeg@s o levamos con nós aló onde imos e estamos.

Facede vós o mesmo, que o amor a Galicia e ó galego non faga máis que crecer e crecer por e para sempre.

Lino Mouriño Santiago

Secretario Xeral do P.S.
de G-PSOE Vilagarcía

O meu desexo máis profundo sería que os meus descendentes souberan apreciar e chegaran a querer todo o que eu descubrín ao longo destes anos no meu camiño musical, sobre todo a beleza agochada nos recunchos máxicos que se atopan no noso país e que descubrín a golpe de alboradas con bandas de música, falando coa xente, unidos todos por unha mesma fala tildada de acentos e sons diferentes, pero nunha lingua propia, na nosa, na que quero que os meus herdeiros o fagan e transmitan ás vindeiras xeracións.

Se a música é unha lingua universal, fagamos que a nosa lingua ta-

mén o sexa para sempre.

Suso Nogueira

Director da Banda de Música de
Vilagarcía

Eu, M^a Xosé Lázare Fouce, nada en San Pedro de Cerceda, ao pé do Páramo onde o río Neira se xunta co Miño, e veciña de Vilagarcía de Arousa, dispoño que a miña herdeira vele polo patrimonio inmaterial que recibe e o acrecente e transmita, para que o seu acervo medre e viva outros tempos áureos, ela que vén da avoa Áurea e nomea na nosa lingua, lingua que viviu tantas loiras...

Para iso aprendeu a fala dos devanceiros, perseguiu as raiolas de sol polas carballeiras, libou o sucre das amoras, mergullouse nas augas e acariñou as oucas e soubo do río que fervía de troitas e das anguías que pola Santa Mariña brincaban

da nora de Cela aos prados.

Que o orgullo da terra e a sabedoría da nosa cultura milenaria non esmoreza nunca.

M^a Xosé Lázare Fouce

Profesora

Es a miña herdeira, e filla es desta terra que te veu medrar.

Mamaches a lingua dos teus pais, e dos pais dos teus pais, mentres te arrolaban as cantigas fermosas da bisavoia mamá Celia...

Levas na memoria temperá contos e arrolos, versos e palabras pronunciadas milleiros de veces: colo, auga, bicos, man, fame, sono, patacas, bolboreta, quérote, terra, eu...

Un atado de palabras que xa sempre viaxarán contigo.

Teño pois que encomendarche como manda derradeira que non

sexa en ti en quen crebe esa longa
cadea de palabras aprendidas nas
voces dos que xa non están.

Cruz López Martínez

Directora do Certame Audiovisual de
Vilagarcía de Arousa

Despois da reducida relación de bens de tipo material dos que dispoño a favor do meu descendente, hai un ben inmaterial aínda que de gran valor que desexo que coide durante toda a súa vida e que nunca se esqueza del. Trátase dun ben do que afortunadamente xa vén gozando dende o berce procurando que así fose, quedando atrás outros tempos nos que a súa utilización non estaba ben vista.

Sendo eu moi cativa gustábame falar no idioma que lle escoitaba utilizar aos meus pais, aos meus avós, agora teus avós e bisavós, e quería coma eles falar a mesma lingua, non obstante cada vez que o facía sempre escoitaba a alguén que me

reprendía e me dicía que falara ben. Eu naqueles momentos non entendía nada porque para min que non dicía ningunha palabra malsoante ou inaxeitada. Por sorte, os tempos mudaron, e o meu fillo ten a liberdade de expresarse e pensar no seu propio idioma sen ter que sufrir as reprimendas derivadas da imposición dunha lingua estranxeira, mais tamén é certo que queda moito por facer e nese senso desexo que o meu descendente contribúa no fortalecemento e avance do idioma galego, manteña vivo ese tesouro durante toda a súa vida e así llelo transmita aos seus descendentes, que o respecten e saiba convencer aos máis achegados da necesidade de respectalo como sinal de iden-

tidade e tamén de prosperidade do noso pobo.

Por último, espero que vaia a onde vaia e estea onde estea endexa- mais renegue da súa condición de galego (sen esquecer ás súas raíces) e, por suposto, do seu idioma. Só deste xeito verei dende as outras latitudes recompensado todo o esforzo que en vida puideron facer para situar a este País no sitio que se merece.

Asinado no lugar de Bamio,
municipio de Vilagarcía de Arousa,
de setembro de 2008

Ana Isabel Lorenzo Fraga

Concelleira do grupo
municipal do BNG



*M*eu pai ensinoume dende moi nova a querer a vila onde me criei e na que vivo, Cambados. Contábame a historia das igrexas, dos pazos, dos paseos, a evolución das rúas, os cambios nas pequenas institucións, os costumes da xente e a biografía dos personaxes cambadeses. O primeiro texto que lin en galego foi o poema que Ramón Cabanillas dedicou a Cambados e que figura esculpido no monumento que se atopa no paseo da Calzada.

Foi ese cariño ás pequenas cousas que me rodeaban o que me fixo valorar o noso país, Galicia, e todas aquelas cousas que o fan singular: a lingua, a cultura, a xente, as fes-

tas, os gaiteiros, as pandeireteiras, o mar, a choiva, a pedra...

Ós meus fillos dígolles sempre que a auténtica herdanza non son os bens materiais que deixan os pais e que, polo tanto, se poden comprar e vender, senón que a verdadeira herdanza son os valores que nos transmiten as persoas que nos rodean, é dicir, todo aquilo que sen darte conta conforma a nosa personalidade.

Intento pois , aprenderlles a valorar todo aquilo que fai grande a Galicia, e especialmente a lingua, xa que, segue sendo o nexo de unión que temos os galegos e as galegas tanto diariamente como

alá onde nos atopemos, ademais de ser un vínculo que nos une e nos identifica con Galicia e nos acompaña en todos os actos da nosa vida.

Rosa Losada Suárez

Secretaria Xeral de Concello

Quero comezar este testamento pola última parte, por ser precisamente isto o que define as letras transcritas neste documento, o resumo final da miña vida a través das miñas vivencias, sentimentos e pensamentos, que se reflicte nas cousas e posesións que conservei para as persoas máis queridas, e que aquí converto nos meus herdeiros. Hai moi poucas posesións que podo deixar a todos eles, e quizás esta é a máis importante, sabendo que vai ser vínculo de unión e non de disputas, e que, ademais, xa foi compartida e transmitida ó longo destes anos. Trátase do respecto e o cariño pola cultura e a lingua galega, que con naturalidade e fluidez

me acompañaron dende o berce, grazas especialmente ós meus familiares e veciños e a algún que outro profesor e amigo, que á parte de cariño, lle engadía a paixón.

¡A paixón pola túa lingua!, sentimento que neste caso che aparece, non ó principio como todo o mundo pode crer, para perder forza co tempo, senón ó final, cando te dá conta de que é a única que estivo ó teu lado dende o principio ata o fin, nos bos e nos malos momentos, sen queixas, sen esixencias, sen ornamentos, que nunca foi unha carga senón o utensilio máis utilizado, e por isto, permítideme un pouco de deformación profesional, pódese definir como

a posesión máis eficaz e eficiente que tiven.

Espero que estas liñas e estas verbas sirvan para que esta paixón pola cultura, e en especial pola lingua galega, chegue ós meus herdeiros antes do que me chegou a min, e que a saiban respectar, defender e usar ó longo das súas vidas, e que así llela transmitan ás xeracións vindeiras.

Rosa Otero Piñeiro

Funcionaria de administración local

Carlos Oubiña Deus, nacido na Illa de Arousa, no día doce de xuño de mil novecentos sesenta e oito, légovos:

Que defendades sempre, e ante quen o queira prohibir, o idioma galego.

Que sexa para vós, como o foi para min e para a nosa familia, o voso idioma falado, escrito e pensado. Na Galiza, de lais a lais*, que é o seu espazo natural e para todas as xeracións vindeiras.

Que sexa a lingua dos meus fillos, a mesma que a de meus pais e avós por todas as xeracións vindeiras. Non esquezamos as nosas orixes

e a nosa identidade e que ningún pobo esqueza as súas propias.

Eu:

Légovos a cadeira, a xanela, o polbo, o mozo, a moza, o limoeiro, o berce, o can, o paxariño, o libro, o computador, as árbores, os outeiros, os caramuxos, o mar, o ceo, a vaca, o boi, o cabalo, a dorna, o enxoval, a louza, o sobreiro, o carballo, a lareira, a casa, o quinteiro e, se queredes, o mundo enteiro, mais, por favor, falade no noso son verdadeiro.

Non só vos lego todo canto as palabras conteñen, mais tamén as propias palabras.

*De lais a lais.- Locución que empregaba miña avoa que quere dicir, de lado a lado, corresponde co portugués “de lés a lés”.

Xoán Carlos Oubiña Deus

Policía municipal - Vilagarcía



Que as novas tecnoloxías e o mundo global no que vos toca vivir, non fagan que vos esquezades das vosas orixes e dos vosos antergos, que arrancan nas terras dos vales do Ulla e do Ulla, ríos que regan o mar da Arousa, onde medraron os vosos soños de conquista dos mares do mundo. Que a fala dos vosos pais e avós, a fala dos galegos teña un lugar nos vosos corazóns, e a saibades transmitir ós vosos descendentes, como expresión dunha cultura viva e diferenciada que se espalla polo mundo enteiro.

Álvaro Paz Tarrío

Enxeñeiro

*M*artiño, Sabela, meus fillos queridos:

Aí tedes para herdar os bens materiais, repartidos coma irmáns.

iÉ o que hai!

Eu, vosa nai, nada en Vilar das Donas (Palas de Rei), onde a nosa Lingua campaba nas follas dos carballos e castiñeiros, no ruxir da fonte de Uzal, na fala dos labregos e campesiños... A min tocoume vivir unha longa etapa castelanizada na familia, na escola... tiña por obriga falar a lingua dos finos.

Xa na escola de Maxisterio, o meu profesor, Alonso Montero, foi a es-

trela que iluminou o meu andar...
Rosalía de Castro, o meu referente;
Neira Vilas, a miña sensibilidade...

Na miña andaina como mestra percorrendo Galicia dende a montaña da Fonsagrada, pasando pola faldra Bocelo cheguei á Ría de Arousa, onde vivo e traballo dende hai trinta e un anos. Polo camiño vin recollendo e sementando as verbas propias de cada fala, costumes, tradicións, ditos, etc. O meu esforzo por normalizar o Galego foi grande e custoso. Vedes, converteuse nunha Pedriña de Diamante; gardádea nun pano de seda branco e azul e levádea sempre con vós a onde queira que vaiades. Este rico tesouro é o legado

máis digno e prezado que unha galega pode deixar ós seus fillos. Este libro “Sempre en Galiza” de Castelao, tamén volo deixo para axudarvos a camiñar coma galegos. Ollade a páxina 309, capítulo XIII, o “Testamento da raíña Isabel a Católica” e entenderedes a loita da vosa nai pola súa identidade.

Polo tanto, prégovos que:
Faledes galego, respectádeo, defendédeo. Conservade a cultura que nos identifica como Pobo no máis profundo do voso ser e que os nosos herdeiros así o fagan. Deste xeito vosa nai estará na gloria.

M^a Luz Pérez Arias

Mestra

Sinto o tempo xa cumprido nestes derradeiros momentos da vida, e vexo lóxico facer testamento cos meus bens. A miña fortuna material évos máis ben escasa, xa que logo, nunca fun persoa de xuntar cartos nin propiedades que me fixeran escrava desta curiosa sociedade que non fai máis que engadir pesos á cadea cada vez máis pesada e difícil de soportar, por iso que vos deixo a todos por igual, a gran fortuna que tiven ata o de agora: as ganas de vivir en paz e harmonía cos demais, sendo consciente do meu lugar na vida, e defendendo, até as últimas consecuencias, o meu xeito de ser galega, na miña Galiza, co meu idioma e a miña cultura, diferente ás

demais, nin mellor, nin peor, pero,
ao fin, a miña.

Como Xuíza de Paz de Cuntis, e
amante da miña casa, asino esta
sentenza, para que se faga cum-
prir.

María Teresa Picáns Bermúdez

Xuíza de Paz

Exa que somos herdeiros da nosa te-
rra, orixe de costumes asentadas e
herdadas como rodear as mesas da
leira para comer e beber cos ami-
gos; xa que somos, entón, herdeiros
do noso clima, tan chuvioso para
mollar con arte a pedra herdada
de Compostela; xa que somos, en-
tón, herdeiros da nosa relación de
curmáns cos veciños portugueses e
asturianos, fío argumental da nosa
cultura herdada e do noso herdado
carácter do norte; xa que somos,
entón, herdeiros da nosa relación
de respecto, admiración e cariño
co mar, o mar que tanto nos deu
aínda que a tantos nos quitou, e
do que herdamos a aprendizaxe do
traballo duro, de axuda ós demais;
xa que somos, entón, herdeiros da

morriña de estar lonxe, non só herdada senón propia deste pobo, unicamente posible nun pobo cunha relación sanguínea coa súa terra. Xa que logo somos así, como non sentirse herdeiros dese ben intanxible, áxil para a súa misión e repousado para o seu goce, como é a lingua que nos une.

Porque non é a lingua un esforzo feito pola obriga á que nos vemos entregados. Nada semellante, nin sequera. É, máis ben, un presente que se entrega de xeración en xeración, moitas das veces coas portas das casa pechadas por mor dos imbéciles e escuros que non nos entenden, non. Ese presente, herdado dos nosos pais, que o herdaron á

súa vez de seus pais, que viaxou alén dos mares cara a outros continentes, que marchou ó norte frío e duro, e nunca perdeu o seu sentir.

Non é esta unha herdanza que leve con ela obrigas. É unha herdanza do corazón, coma as casas onde un medrou e que, co paso do tempo, mudan e transforman pero seguen a ser a casa de un. O lugar onde naceu, onde nacerán os seus meniños e onde, por sempre, o galego será aquilo que nos fai sentir a gusto. A lingua non é o que usamos, a lingua é o que somos. E somos galegos.

Modesto Pose Mesura

Deputado do PSdeG-PSOE



*A*í cousas nesta vida que é mellor deixarlle a alguén, non tanto por ser conservadas ou malgastadas, como por que alguén custodie a súa memoria.

Por iso eu lego en testamento de poeta desafuzado algunhas palabras que preferiría que non morreran comigo cando o tempo me impida falar.

A primeira é a palabra cegueira. Nesta palabra cavilei moitas veces cando aínda podía comprender o que vían os meus ollos. E antes de posuíla percorrín ás apalpadas os labirintos da ferida sen poder facer absolutamente nada porque a dor se gangrenara á altura da esperanza.

A segunda é a palabra silencio. Nesta palabra calei o que nunca souben, pero tamén fixen por agochar as cousas que ía perdendo en cada paso que daba, en cada destino que se afastaba de min. No silencio descansei logo de ter fracasado na procura da voz precisa, do corpo desexado.

Outra das palabras que quixera levar aos meus é a palabra orixe. Na orixe sei que habemos atoparnos un bo día se confiamos no poder da memoria.

Nela todas as palabras que nos devolven á mudez cobran sentido lonxe da semántica aprendida do destempo. Na orixe, o final só é

un síntoma de que as palabras que nacen para perdurar han de acolernos cando o tempo xa non poirda negarnos a súa crueldade.

Por iso só acredito nelas. Nas palabras.

Cegueira, silencio, orixe.

Pero tamén noutras como encontro, soidade, transparencia. Mesmo palabras indicibeis como amor, fidelidade, morte, ou palabras que naceron para que eu as posúa: Versada, Sorga, Aldara. Mesmo máis aló deste desexo que me fai cómplice da súa desaparición.

Baldo Ramos

Poeta e pintor

*M*acín nunha aldea, de pais labregos, dunha nai que non dixo máis de cinco palabras seguidas noutro idioma que non fose o galego; e por iso digo ‘aínda’ e non ‘todavía’; coloco ben os ‘te’, ‘che’ e ‘se’; uso os tempos verbais como debe ser (sen tempos compostos), e uso algúns castelanismos por contaminación que xa había nos anos cincuenta, e teño un sentimento de amor e pertenza a Galiza e amor ó idioma galego, que me fai sentir cunha identidade, que me fortalece integramente. Penso que os idiomas, as linguas, non son barreiras, senón medios para comunicarse, e que a incomunicación só existe se as persoas o queren, por enriba de idiomas, razas ou relixións, e nese

senso, pídolles que traballen para que os que din ‘aínda’, colocan ben os ‘che’, ‘te’ e ‘se’, e usan ben os verbos, pero senten complexos polo idioma, se sintan orgullosos; os que din ‘todavía’, colocan mal os ‘che’, ‘te’ e ‘se’ e usan mal os tempos verbais, sintan amor a Galiza e ó seu idioma, que continúen usándoo ata que o perfeccionen; e ós galegos castelán-falantes, pídolles que recapaciten, que o intenten, que falen na lingua da súa terra, que o usen cada día máis, e deste xeito sentiranse, de seguro, máis galegos.

Estes bens légollos ós meus fillos e ós seus descendentes, coa condición de mantelos e loitar cada día

por melloralos sen ningún tipo de restrición, como se veu facendo ó longo da historia, como fixeron os nosos antecesores ata hoxe.

Cando isto se consiga, Galiza será máis próspera e solidaria cos outros pobos.

Xoán Manuel Reices Salgado

Enxeñeiro Técnico Agrícola



*N*o medio do camiño da miña vida, quero deixar estas verbas a aqueles da miña tribo que me han sobrevivir: sabede que ollei a luz primeira oíndo palabras dunha lingua anterga que gardara para min a estirpe da nación durante máis de mil anos. Que as alegrías e as penas nas que a miña vida abalou se gravaron como engramas dunha fala na que rin, admirei, tremín, desexei, chorei e fun descubriendo as xentes, os lugares, as sombras e os fulgores. Que a voz do vento que rodeou cada un daqueles momentos que marcaron os meus días trouxo sempre para min o aloumiño da lingua nai.

Por iso deixo dito agora que, se al-

gunha vez dende un arredado ceo sentides a presenza da miña memoria, teñades acordanza da fala que amei, que foi o meu sangue, o mesmo que agora corre en vós para recordaros que a nosa tribo endexamais desaparecerá se a honrades, se me honrades, vivindo os vosos soles e as vosas lúas baixo o aloumiño da lingua nosa, que alentou nos meus devanceiros e é herdo meu para vós, luz para alumar os días que habitaredes.

Armando Requeixo

Crítico literario

Pídovos que aínda que esteades lonxe da terra, sigades amándoa como vos ensinamos dende nenos. Non vos cansedes nunca de coñecela mellor, os seus lugares, as súas tradicións e o seu patrimonio cultural. Coidádea e aloumiñádea.

Pídovos que sigades mantendo a lingua e transmitíndollela ós vosos fillos como signo de identidade e como canle de amor e agarimo entre eles, nós e vós. Tede sempre presente as vosas raíces, e a importancia da familia. Isto axudaravos a non perder o norte vital. Non esquezades nunca a tolerancia deste pobo e tentade espallala polo voso arredor. Lembra de acotío os principios éticos e relixiosos que

sementamos en vós. Farán máis doado o camiño da vida. Tentade facelo ben. Deixade o mal para os demais e tentade combatalo. Sede sempre bos e xenerosos.

Teresa Rey Barreiro

Concelleira do Partido Popular-
Vilagarcía



Levo sesenta anos nesta miña terra galega e quixera facer unha mínima reflexión sobre a miña vida pasada. As miñas lembranzas, os meus recordos, basicamente de neno pequeno, na lareira coa miña avoa “mamá Carme” facendo as fi-lloas, ou na cociña económica, no inverno, sentado no pequerrechí-ño tallo de madeira.

E de miña avoa, vestida de negro, co pano na cabeza e cun sorriso permanente na súa cara, recibín, e recibo hoxe aínda, os efectos dunha herdanza que, daquela non me decataba. A herdanza era a miña lingua, a lingua galega, non a lingua dos libros oficiais.

Os contos, as lendas, os refráns, no galego da miña avoa, unha lingua doce, misteriosa, agarimosa.

As historias de lobos, da Santa Compañía, do sacaúntos, eran e son historias maravilosas, extraordinarias. Eu quixera que a herdanza que recibín de miña avoa puidera deixala ás miñas fillas.

Non sei cantos bens materiais lles poderei legar, pero o que si sei é que quedaría máis que satisfeito se o ben que a min me fixo a lingua de miña avoa lle producira a elas o mesmo efecto.

Esta nosa terra ten bens materiais fermosos, pero todos estes bens teñen un especial valor se van envoltos e adornados na lingua que Rosalía, Celso Emilio, Manuel María e tantos outros galegos e galegas nos transmitiron.

Remato desexando de corazón que as miñas fillas sexan capaces de captar esta riqueza espiritual que representa a miña lingua galega, a lingua dos bos, dos xenerosos, dos homes e mulleres de ben que aínda quedan nesta terra.

Coa lingua non se come, non se lles dá futuro aos fillos, din os teó-

ricos pragmáticos; teñen razón, porque coa lingua só podemos medrar en dignidade, propia de fillos ben nacidos que queren a súa nai.

José Rivas Espiño

Mestre

Deixo por herdeiros dos meus bens materiais ós meus fillos Alexandre, Xavier e Ana, a partes iguais. Desexo que os partades como irmáns e os gocedes con saúde e en liberdade e que con eles fagades o que mellor vos pareza.

Cos recordos que de min gardedes, lembrade que os meus catro avós eran galegos, coma os seus devanceiros dende 1595, non obstante, lembrade tamén que a miña avoa Carmiña falaba castelán; non era a súa lingua materna, pero o bisavó Mateu priváballe falar galego. Arrincáronlle o galego da súa vida, como da de tantos outros; pero a lingua non é como unha estatua ou coma o nome dunha rúa,

que cambian a antollo do poder e dos cartos.

A fala propia forma parte de nós, moldea a nosa alma e fainos máis libres para expresar os nosos sentimentos, tanto para a ledicia coma para os momentos máis tristes.

Mimade e usade e protexede sempre a nosa lingua, a nosa cultura, facede patria onde vos atopedes, non deixedes que se perda ese tesouro que vos pertence por nacemento xa que é a vontade de quen máis vos quere.

María del Carmen Roca López

Xefa da Policía Local de Vilagarcía

Polo presente documento, e tendo por testemuñas a todos os que isto lean, declaro:

Que realicei durante o tempo que levo de vida diversas actividades lucrativas para o espírito, como mirar a Ría de Arousa dende o alto de Xiabre, ir enriba dun carro cheo de herba acabada de segar, labrar cun arado que esperou dous mil anos por min antes de desaparecer, tocar a gaita nas festas, comer nas carballeiras, durmir a sesta nas palleiras...

Que estas ocupacións me reportaron un capital incalculable de amor á terra, ós costumes, ás tradicións e multiplicaron o legado

inmaterial que recibín dos meus maiores de Gamil e de Vilagarcía.

Que entre todas, a máis valiosa herdanza que procurei gardar e conservar é a lingua que non só usamos de instrumento para nos comunicar senón que é o distintivo que serve para recoñecérmolos como pobo.

Para que esta lingua e os demais bens intanxibles conformadores da nosa identidade, indivisibles pero ben doados de compartir, non se perdan polos buratos do esquecemento nin sexan diluídos na cultura global, é o meu desexo deixárllelos en herdanza ós meus fillos co fin de que os empreguen

sempre para proclamaren, alá onde se atopen, o orgullo de ser galego.

Xoán Xosé Rodríguez Cuíña

Arquitecto



Saiban todos cantos vexan este instrumento notarial que eu, Álvaro Rodríguez Núñez, natural de San Adrián de Vilaríño, no Salnés e veciño de San Xoán de Poio, Pontevedra, casado con L.O.M., dono de si, logo de declarada a vontade testamentaria, de repartimento dos bens materiais, pídolles ós meus herdeiros que atendan estoutra manda, de invisible pero superior fasquía:

Primeira.

Nacín e quero morrer na fe católica, e pídovos que na nosa lingua, me teñades presentes nas vosas oracións.

Segunda.

Axudade a manter viva a lingua e cultura galega, e sempre sen imposicións, para que vos chamen galegos con orgullo.

Terceira.

Contribuíde ó mantemento do campanario de Vilaríño, para que estea ergueito mil anos máis, a ver como o sol dorme no mar da Arousa e vixié o camposanto onde vou ir descansar.

Álvaro Rodríguez Núñez

Avogado

Eu, Xosé Carlos Rodríguez Rañón, galego de nación por ribadense de orixe, sen herdeiros biolóxicos consanguíneos directos e sen grandes bens materiais que legar aos indirectos (agás as letras que, negro sobre branco, atesourei por amor á literatura e os sons como bolboretas que cacei ao vento por devoción ás linguas) gustaría deixar en usufruto e mancomún, unha vez finado e en memoria miña, un ben inmaterial, mais inxente e inesgotábel (como o é calquera idioma) aos meus compatriotas galegos, asturianos das terras entre o Eo e o Navia, bercianas, zamoranos das Portelas e dos lagos de Seabra, portugueses, lusófonos todos e á Humanidade

en xeral: a posesión da anterga, rexa e aloumiñante lingua galega (ateigada de antigas palabras de ouro vello e de novos termos, brillantes como luces de neón) herdada dos meus devanceiros para que perviva con azos anovados nos beizos da xente do meu pobo polos séculos dos séculos como sangue e seiva do seu espírito inmorredoiro, para honra eterna desta Galiza Nai e Señora da que xermolamos á vida para vela florecer e á que retornaremos na morte para unha nova sementeira.

Xosé Carlos Rodríguez Rañón

Profesor de francés
de ensino secundario

Mieves de Allariz, Aurora de Herbón, Xosé de Vilagarcía, Santiago de Santiago de Compostela, Amelia de Herbón e Agostiño de Vilagarcía, os catro primeiros, meus avós, os dous últimos, meus pais. Para todos vós o meu agradecemento polo esforzo en facerme entender que unha lingua non só é un medio para comunicarse, tamén é un sentimento, un compromiso, unha realidade que nos abre os camiños da liberdade. Seguirei o voso mandado e traballarei na procura en espallar esta mensaxe para manter viva a vosa lembranza.

Xosé Lois Romero Docampo

Eu, Eulogio Romero Nogueira, quero deixarlles aos meus herdeiros, ademais do meu amor polo deporte, a miña paixón polo fútbol, un importante legado para min.

Desexo que levedes o meu amor pola lingua nai, a miña paixón polo galego. Algo que eu tiver a sorte de recibir dos meus devanceiros para poder facer, agora, deste xeito, o mesmo con vós. Para que axudedes a que o galego sexa unha lingua na que xogar ao fútbol, sexa unha lingua na que goceades e fagades amigos, sexa unha lingua para os deportes.

Unha lingua normalizada, unha lingua da que sentirnos orgullo-
sos.

Conserváde a e transmitíde a.

Eulogio Romero Nogueira

Futbolista

Queridos fillos:

Non sei o que me espera na vida que me queda, pero se algo me pasase quero que saibades que todo o que fixen foi por e para vós.

Que cando caía, eran os vosos nomes os que me levantaban. Que cando me humillaban, eran as vossas palabras as que me daban os azos necesarios para volverme a erguer.

Sei que ás veces non fun unha boa nai, houbo tempos difíciles. Recoñezo os meus erros. Aprendede da Historia e facéde a grande.

Sodes os meus herdeiros e a vós

tócvos incrementar o meu legado. Eu viverei nos vosos actos, de vós depende. Agora é o voso tempo. Un tempo para reafirmarvos no que sodes. E sodes moitos, fillos: os que quedastes aquí e os que marchastes. Sentídevos orgullosos do que sodes, porque sodes todos uns, sodes todos irmáns, sodes todos galegos.

Vosa nai, a lingua

Victoria Seijas Suárez

Mestra

*M*eus fillos, con este testamento vital, dóovos os tesouros máis grandes que unha persoa poida posuír: a cultura, a lingua, a bondade e o respecto polos demais.

É unha obriga de toda persoa de ben respectar outras razas, etnias e linguas. Pero é tan importante ou máis que un defenda a súa cultura paterna coa mesma, ou incluso máis forza.

A cultura é o legado que nos queda dos nosos ancestros, tras un breve paso polas nosas vidas. Por iso temos que defendela ata que vós, meus fillos, a poidades legar ós vosos herdeiros.

Asino en Vilagarcía de Arousa a 20 de
setembro do ano 2008

José Manuel Señoráns Abalo

L

egado para os meus fillos:

Meus queridos nenos: tendo en conta que as herdanzas que tereades de vosa nai non han ser nin cuantiosas nin valiosas, desexaría deixarvos como unha das miñas achegas nesta vida un ben “non material” que ten que ver co meu traballo: a vosa educación. A miña foi unha das primeiras xeracións que, aínda que puidemos estudar a carreira na nosa terra, procuramos a mellora da nosa formación no estranxeiro por moi diversos motivos. No voso caso poderedes gozar dun sistema educativo moito mellor có noso, sen deixar de falar na nosa lingua.

Como recordo daquela época, gustaríame transmitirvos ese sentimento tan galego que é o retorno á nosa terra, á nosa lingua, logo de ter pasado unha longa tempada fóra estudando... volvendo a escoitar os nosos sons, a ver a nosa incomparable paisaxe e a falar nesta lingua, a defendela e transmitila, xa que ela alimenta todos os nosos sentidos... Morriña galega, meus reis.”

Rosina Sobrido

Directora do Conservatorio
Profesional de Música
Vilagarcía de Arousa

Este Ben, non material, pero si de moi grande valía, que vos dono xunto co meu maior cariño... na miña nenez, estivo perseguido, prohibido... Tan só o falabamos nas nosas casas, entre nós... nunca na escola... tampouco diante das persoas de fóra do noso arredor... E recordo que, esas persoas de “fóra do noso arredor”, cando nos escoitaban falar na nosa lingua, dicían: ¡Oh, ... que poco finos! ... por iso, tamén lembro ó “Tío Manuel”, - irmán da miña avoa, ó que todos así chamabamos- que cando eu contaba o de “poco finos”, el dicía, con rouca voz e gran anoxo:

-“Anda, que os fenda un raio! ...

¡Máis “finos” son eles, cando lle chaman á Laxe,

“la Laje”, ou a Fontecarmoa, “Fuentecarmona”! ...

¿Seríamos nós “máis finos”se, seguindo o seu exemplo, dixeramos: “... somos de la aldea del “Viento”... (non do “Vento”) ou aquilo de: “... vivimos en el barrio del “Pinito”... (non do “Piñeiríño”)?.

¡E chámanlle a “Pontearreas”... “Puentearreas”! ... Se son “tan finos”, ¿por que non din: “Puentearreas”?... ¡Que se vaian ...! ...

Grazas á maneira de pensar e de razoar de xente como o “Tío Ma-

nuel” conservamos e seguimos falando na nosa lingua ... Un grande Ben, que representa a nosa integridade e forma parte do noso propio Ser...

Eu encoméndovos que tratades este ben que herdades co debido respecto; que o teñades sempre presente, e que llelo deixedes ós vosos herdeiros, aínda con máis vitalidade e fortaleza ...

Manuel Suárez Fuentes

Historiador vilagarcían

*V*ñemos ao mundo nun país no que deixar aos fillos cubertos é o desexo máximo de todas as nais e de todos os pais.

Son tempos de prosperidade comparados con outros que xa pasaron e, no material, senón a vida arraxada, polo menos unha axudiña deixaremos para evitar a escravitude da necesidade.

Non cremos moito nisto das identidades pois nunca nos sentimos idénticos a ninguén, pero tamén deixamos algo do que nos fixo como somos, pero non todo.

Pode que sexamos a derradeira xeración que buscaba niños de

paxaros nas árbores, os últimos para os que a roda era algo máis ca unha parte dun coche ou que xogabamos sen o apoio da electrónica uniformizadora. Desde logo, somos os últimos que medramos sen ordenador.

Sentimos que os que vindes non poidades vivir o neno labrego en primeira persoa nin o Breixo sexa o voso guía á madurez. O tempo que foxe arrastra consigo todo o demais e xa nada é como era. Cantaba Benedito: “os nomes das cousas á forza de usalos mil veces terán mudado”.

Non todo o que queda é bo, pero algunhas cousas pode que mereza a pena conservar.

Deixámosvos a liberdade de pensar por vós mesmos e de expresar as vosas ideas e a dificultade de diferenciar o politicamente correcto do simplemente correcto.

Deixámosvos unha lingua que lembra o mar e a borraxeira, os seráns máxicos na lareira e as risas dos nenos polas corredeiras.

Deixámosvos unha paisaxe que aínda agocha retrincos de liberdade.

Deixámosvos libros, cancións, cadros e ata películas nas que nos vemos e nas que somos.

E deixámosvos a posibilidade de decidir o que vós ser e o que ides deixar pois a elección aínda é posible.

Pilar Tajés e Manolo Rodríguez

Administrativa e profesor

O meu legado, mellor non poderá ser.

Eu moito non vos poderei deixar, pero penso que mellor que riquezas materiais, gustaríame vos deixar cousas coas que eu gocei de pequeno, así coma os meus soños e as miñas arelas.

A lingua nosa que escoitei no colo da miña avoa a carón dun bo lume na lareira nas noites de inverno e que despois conquistei nos tempos de mozo, intres de loitas e esperanzas.

Gustaríame que a miña vila, chamada “Perla de Arousa”, chegara a ser unha fermosa perla para todos

e que nela non se perdera o mellor botín que temos: a lingua.

Tamén quereda que os peitos da serra do Xiabre estiveran cubertos de carballos e castiñeiros, que o río do Con estivera arrodeado de bidueiros e ameneiros e ateigado de troitas que poder pillar. Que Vilagarcía non lle dera ás costas ao mar, que sempre e como sempre Cortegada estivera deitada no mar bebendo os solpores e que as estrelas seguiran a bicar as limpas meixelas da nosa Ría.

Que as pedras da historia que conforman os nosos castros, os pazos e as igrexas permanezan intactos para que os poidades ollar. E que

preto das nosas vellas ermidas poidades escoitar: estes son uns “caghanacuncha” ou uns “afogharistos” ou por que non imos á festa das “revenidas”? Desexo que Arousa permaneza por sempre nos vosos corazóns, é unha regalía dos nosos antergos, que todos debemos deixar en herdanza aos que sigan os nosos pasos, neste paraíso deste norte esmeralda que amo tanto, e que desexo que vós sigades a amar.

Dado en Vilagarcía de Arousa no mes
de setembro de 2008

Xermán Torres de Aboal

Profesor

Emáis, non quixera que esta manda formara parte do meu testamento se non fose polos tempos que corren para a nosa lingua, e así, ás tres miñas herdeiras, mándolles e demándolles, que non esquezades nunca que sodes galegas de nación, que o noso idioma galego sexa a fala diaria cos vosos fillos e eles cos seus, e así sempre e para sempre, de xeración en xeración aventuremos mil primaveras máis para Galicia.

Que saibades que non é ningunha obriga, senón que é algo irrenunciabile, como a condición de serdes miñas fillas, como os sentimentos: de amor por vós, da xustiza, do compromiso cos demais, do amor

á terra, a miña vila de Cuntis, á nosa historia, á nosa cultura e á nosa lingua.

E engado, conservade os cadros e os libros que vos deixo, e non renunciades ao voso dereito cidadán á lectura pedindo que preto do voso fogar haxa sempre unha biblioteca pública que garanta o acceso democrático á ensinanza, á cultura e á liberdade.

Mario Touceda Torres

Bibliotecario

Declaro como herdeiros universais da nosa lingua ás vindeiras xeracións de galegos e galegas, pregándolles que lle dean un bo trato, que non se avergoñen nunca dela, que a usen sen complexos e que a estuden en profundidade para coñecela mellor e así podela querer máis.

Eligio Vila Vázquez

Compositor

*S*íntome no deber de transmitirvos ás xeracións máis novas, galegos e galegas tamén, a obriga irrenunciable de recoñecerdes o esforzo e a xenerosidade de milleiros de antepasados que fixeron posible que o noso idioma seguise vivo ao longo de tantos séculos e chegase ata nós. Esforzo e xenerosidade que supuxo que mesmo moitos homes galegos e moitas mulleres galegas sufrisen penalidades e vivisen momentos difíciles por non renunciar ao seu afán de conservar e transmitir a nosa lingua.

Porque o futuro do galego hoxe depende de nós, pero o mañá está nas vosas mans.

Para vós e para os vosos descendentes sería o suicidio como pobo galego non poder seguir lendo a Rosalía, a Cabanillas, A Castela...

Para que o sol non se deite para a lingua galega, debeses coidala como o voso máis precioso tesouro.

Esa é a nosa e a vosa responsabilidade.

Ánxeles Vilas González

Mestra

Ó

s meus herdeiros:

Cando o meu tempo sexa cumprido, pídivos e encoméndovos a misión que eu recibín dos meus antecesores e que para min foi sempre un orgullo, unha gran ilusión e un traballo cotián; a defensa e o uso da nosa lingua.

Desexo que sexades os meus transmisores, os transmisores dos vosos herdeiros ata chegar, que é a miña gran esperanza e ilusión, a que a lingua galega chegue a ser a lingua de todos os galegos e galegas.

Como continuadores meus, pídivos que non reparedes nunca nesta defensa, dándolle o debido cumpri-

mento a este meu mandado, inmaterial si, pero tanto ou máis importante para min coma calquera outro ben material, por ser un dos elementos máis importantes e diferenciador dun país. Temos lingua propia grazas ós que o fixeron posible ó longo de miles de anos, defendéndoa e usándoa, moitas veces con grandes atrancos, penurias e sufrimentos para que chegara viva ata os nosos días.

Como nai vosa que son, na miña memoria, na da nosa familia, na de todos os galegos e galegas, e como non, por Galicia, aínda que con seguridade sei que así o faredes, pídovos que lle deades cumprimento a esta manda testamentaria.

Mónica Vejo Portas

Funcionaria de administración local

“En Galego, agora e sempre”

é un proxecto da

Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística
creado para concienciar á cidadanía
na rehabilitación da memoria cultural e lingüística
dos que nos precederon na vida,
e asegurar a transmisión ás que nos sucederán.

Participaron neste proxecto
os concellos de:

A Estrada, Calvos de Randín,
Cangas, Cartelle, Castro Caldelas, Celanova,
O Grove, Ourense, Outes, Pazos de Borbén,
Pontevedra, Redondela,
Santiago de Compostela,
Vigo e Vilagarcía”

